


Actividade técnico-administrativa

Organigrama técnico-administrativo



- O responsable do **Gabinete da Presidencia** asume as funcións de coordinación final das tarefas do Consello e tamén as relacións externas e de comunicación do organismo. Dunha banda, este departamento é o encargado, baixo a coordinación e con dependencia funcional do secretario xeral, do seguimento do proceso dos procedementos que ten en marcha o Consello e o cumprimento dos prazos establecidos pola lei para o seu remate. As relacións cos membros do Consello son parte fundamental do labor diario. Por outra banda, o gabinete é o responsable das relacións externas, das relacións cos medios de comunicación e das publicacións do CES.

Dentro das súas funcións está tamén a revisión dos contidos do sitio web do Consello na internet que son da súa responsabilidade.

O gabinete asume tamén as funcións de coordinación das publicacións institucionais do Consello, entre elas a presente memoria. Como en anteriores ocasións, inclúense os dictames emitidos polo CES a texto completo. Tanto a memoria como os dictames e os outros traballos publicados polo CES-Galicia poden tamén ser consultados na páxina web do Consello: **www.ces-galicia.org**.

- O **Gabinete Técnico**, composto por dous expertos economistas, é o encargado da elaboración dos traballos preliminares para a redacción dos informes e dictames do Consello, cunha descrición e análise pormenorizada do obxecto do estudo. A súa función é trata-las referencias estatísticas que se consideren pertinentes para o traballo, analizalas e preparar unha proposta da parte descriptiva do informe para a súa posterior avaliación por parte das Comisións Sectoriais.

O seu labor céntrase na redacción da memoria anual sobre a situación económica e social de Galicia e dos distintos informes e dictames que está a elaborar o Consello, agás as correspondentes

consideracións, que son aportadas polos distintos membros da comisión sectorial competente.

Dentro das súas funcións está asimesmo a revisión dos contidos do sitio web do Consello na internet que son da súa responsabilidade.

- A responsable do **Departamento de Xestión** encárgase de tódalas funcións de xestión presupostaria e contable, da contratación de servicios e suministros, do seguimento das obras, reformas e mantemento das instalacións e, dun xeito destacado, da xestión de recursos humanos do organismo, ademais do asesoramento xurídico-administrativo ó Consello.

- O **Centro de Documentación** é o encargado de proporcionar ás Comisións Sectoriais, á Permanente e, no seu caso, ó Pleno do CES tódolos datos que precisen para a correcta elaboración dos seus traballos. Ter a disposición dos membros do Consello tódolos fondos e recursos documentais, en calquera lugar no que se atopen, na máis ampla gama de soportes e xestionar eses fondos dunha maneira rápida e áxil é o fin último do Centro de Documentación do CES-Galicia.

O responsable do Centro de Documentación e apoio ó Consello segue a cumprir o seu papel como unha das piezas claves para o correcto e máis eficiente funcionamento do CES. A súa función é facilitar ós membros do Consello e ó Gabinete Técnico tódolos materiais bibliográficos e documentais que podan necesitar para as súas reunións e para unha axeitada toma de decisións.

O Centro de Documentación e Apoio ó Consello ofrece información especializada na área socioeconómica ós membros do CES-Galicia e ó persoal técnico deste. Constitúese como un soporte informativo-documental para a elaboración dos informes, dictames e outros traballos realizados polo organismo.

Aínda que o seu obxectivo fundamental é facilitar os últimos e máis fiables datos ós membros do Consello, o Centro de Documentación está aberto a calquera cidadán que necesite dispoñer de información especializada na realidade económica e social de Galicia, tanto nos soportes tradicionais como a través das novas tecnoloxías da información. De feito, internet é nunha ferramenta básica para o traballo do departamento nestas últimas datas.

Dentro das súas funcións está tamén a revisión dos contidos do sitio web do Consello na internet que son da súa responsabilidade.

- O responsable da unidade de **Administración da rede informática**, que depende orgánica e funcionalmente do Centro de Documentación, encárgase do deseño e mantemento dos sistemas de información e novas tecnoloxías do Consello, así como da crecente aplicación das mesmas ó traballo diario e mais á relación cos seus membros. Tamén está a traballar no soporte técnico da páxina web do Consello en internet.

Unha vez consolidada a posta a punto da rede que permite conectar e operar dun xeito conxunto a tódolos ordenadores do CES, tanto dos seus servizos internos como os asignados ós distintos grupos representados no Consello, e rematadas as xestións para o acceso ás redes informáticas externas, tanto nacionais como internacionais –o que permite acceder desde as dependencias do CES a calquera base de datos ou arquivo informático de información existente no mundo–, os técnicos da unidade deseñaron e “colgaron” na rede unha páxina web propia do Consello, independente pero integrada no sitio da Xunta de Galicia, e vinculada, a través dos correspondentes enlaces cunha páxina común de tódolos Consellos Económicos e Sociais de España.

O traballo conxunto dos servizos informáticos e mailo Centro de Documentación permite que, dun xeito case que inmediato, os

membros do Consello dispoñan da práctica totalidade da información existente sobre un determinado asunto obxecto de análise por parte do CES e, xa que logo, que as conclusións dos dictames, estudos ou informes que elaboren as distintas comisións e aprobe o CES estean baseados nos datos máis fiables e actualizados.

Calquera membro do Consello pode solicitar do Centro de Documentación a información sobre calquera materia que necesite para os seus traballos. Desde este servicio, ben a través dos fondos propios ou ben, vía rede informática, nas bibliotecas o centros de datos de calquera parte do mundo, se lle facilitan as principais referencias existentes sobre o asunto. Deste xeito, os membros do Consello teñen á súa disposición as máis importantes bases de datos do mundo desde a pantalla dos ordenadores instalados nas oficinas dos seus grupos na sede do Consello.

- Tres **auxiliares administrativos** técnicos auxiliares en informática, que dependen organicamente do Departamento de Xestión e funcionalmente dos responsables das áreas ás que están adscritos, realizan o apoio administrativo necesario no desenvolvemento das actividades propias do Consello.

Actividade administrativa

Segundo a estrutura dos servizos administrativos do Consello que se viu nas páxinas anteriores, este apartado é unha somera descrición do seu traballo no ano 2003.

Gabinete da Presidencia

A utilización do correo electrónico –agás en determinados casos con documentación moi voluminosa– consolidouse como a vía de comunicación interna cos membros do Consello, tanto para facer chegar as convocatorias ás distintas sesións como para remitir a documentación correspondente. A maior parte dos membros do CES-Galicia fai chegar as súas aportacións ós traballos tamén por esta vía.

Na vertente da comunicación externa, a base da política de exteriorización é a publicación dos traballos do Consello e a súa remisión ós líderes de opinión do entorno socioeconómico de Galicia (cargos políticos, parlamentarios, profesores universitarios...) e a institucións de fóra de Galicia (como outros CES, comunidades galegas no exterior...), así como a súa presentación pública –cando se estima oportuno– a través dos medios de comunicación.

Unha vez aprobado un informe, a súa exteriorización comeza cunha rolda de prensa de presentación ós medios de comunicación, que serve para que o conxunto da sociedade teña noticia da opinión do Consello sobre o asunto de que se trate. De seguido, faise un envío da publicación a institucións e persoeiros seleccionados. Nas presentacións, o presidente do Consello fala da xénese do traballo, das distintas fases do mesmo e remite ó seu contido, ás consideracións, sen salientar ningunha delas en concreto. O obxectivo desta política é non destacar un só aspecto de un estudo –memoria, informes...– que, pola súa propia natureza, é sempre complexo.

Como cada ano, tivo unha boa acollida na prensa a publicación da “Memoria sobre a situación económica e social de Galicia”, correspondente neste caso a 2002. O seu contido foi de interese informativo en tódolos medios de comunicación de Galicia, que recolleron algunhas das consideracións aportadas polos membros do CES neste traballo.

O mesmo cabe dicir da presentación dos outros traballos aprobados polo Pleno do Consello ó longo de 2003. O traballo de presentación ós medios a través da devandita rolda de prensa complementouse, en ocasións, cunha carta persoal dirixida ós directores dos principais medios na que o presidente do CES daba conta da aprobación dun determinado informe e destacaba a súa importancia informativa. Con esta iniciativa, logrouse que os máximos responsables dos máis importantes diarios, emisoras de radio e cadeas de televisión tivesen nas súas máns –ademais de nas súas correspondentes redaccións– senllos exemplares dos traballos do Consello.

Xunto a información puntual recollendo as distintas presentacións de informes ou informes-opinións do CES, estes traballos tamén serviron como base para distintas reportaxes que aproveitaron os datos recollidos nos mesmos e que foron publicados preferentemente nas fins de semana.

Departamento de Xestión

O presuposto do CES-Galicia inclúese nos presupostos xerais da Comunidade Autónoma, como Sociedade Pública adscrita á Consellería de Economía e Facenda. No exercicio de 2003 o CES contou cun orzamento de 985 miles de euros (961 miles de euros en orzamento de explotación e 24 miles de euros en orzamento de capital). O balance de situación do CES a 31 de decembro de 2003 foi o seguinte:

CES-GALICIA: BALANCE DE SITUACIÓN A 31/12/03
(euros)

ACTIVO	462.498,77
Mobiliario	175.855,53
Informática	58.971,47
Elementos transporte	21.023,40
Amortización inmovilizado	-98.132,55
Créditos a C.P. ó persoal	200,00
Banco	304.580,92
 PASIVO	 462.498,77
Patrimonio	255.967,13
Acreedores obrigas recoñecidas	6.183,16
Facenda acreedora	20.303,43
Seguridade Social	1.297,68
Muface	77,02
Ingresos anticipados	178.670,35

Centro de Documentación

- *O Centro de Documentación como apoio ós traballos do CES-Galicia*

O principal labor do Centro de Documentación do CES-Galicia é actuar como servizo informativo de apoio ás actividades dos membros, técnicos e persoal do Consello na elaboración dos informes, dictames e resto de traballos do Consello.

Do mesmo xeito, como organismo da Administración galega, o Centro de Documentación atópase aberto ó público en xeral e recibe consultas e solicitudes de búsquedas de información especializada na economía e sociedade galegas.

BUSQUEDAS DE INFORMACIÓN	
(búsquedas bibliográficas, consultas de referencia, etc.)	
INTERNAS	64
Respostadas	64
Distribución segundo o seu destino	
Elaboración de Informes/Dictames	41
Elaboración da Memoria socioeconómica	19
Outros	4
EXTERNAS	23
Respostadas	16

O Centro de Documentación tamén actúa como canalizador das necesidades informativas do CES. Para iso, leva a cabo unha ampla labor de xestión e adquisición de fontes de información, especialmente orientada á realización dos traballos do propio CES así como ó mantemento dunha colección bibliográfica especializada.

SOLICITUDES E PETICIÓNS	
(peticións de datos para traballos do CES)	
TOTAL	141
Respostadas	97
Distribución segundo o seu destino	
Elaboración de Informes/Dictames	36
Respostadas	23
Elaboración da Memoria socioeconómica	95
Respostadas	62
Outras	20
Respostadas	12

• *A colección bibliográfica e a súa xestión*

FONDOS BIBLIOGRÁFICOS Segundo o seu soporte

PAPEL

Monografías (libros, publicacións colectivas, actas de congresos, informes, estudos, recopilacións lexislativas...) 2.586

Publicacións periódicas (revistas, prensa en xeral e documentos de traballo) 153

CD-ROM 111

O Centro de Documentación do CES-Galicia otorga especial importancia á xestión da súa colección de publicacións periódicas, epigrafe baixo o que se inclúen tipoloxías como as revistas, os documentos de traballo e a prensa en xeral. Os datos básicos sobre a Hemeroteca do CES-Galicia son os seguintes:

PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS

Segundo a súa tipoloxía

Revistas	133
Documentos de traballo	17
Prensa diaria	3

PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS

Segundo a súa actualidade

Publicacións abertas	106
Publicacións pechadas (xa non se reciben)	44

Segundo o seu modo de ingreso

De pago (suscripción)	17
Gratuitas (canxe ou doazón)	136

Con versión electrónica ou dixital

A texto completo	70
Versión parcial (resúmenes, sumarios...)	6

- *O proxecto* Bases de datos Documentais

Durante o ano 2003, o Centro de Documentación comezou a desenvolver este proxecto co obxectivo final de facer accesibles todas as súas bases de datos, bibliográficas e documentais, a través dun único *software* e unha única plataforma de consulta.

Para iso, adquiriuse o software Inmagic DB/Textworks, programa de xestión de bases de datos documentais a texto completo con diferentes posibilidades de indexación e coa posibilidade de asociar imaxes ós rexistros, así como de lanzar dende o propio programa outras aplicacións habituais como as incluídas no Microsoft Office, documentos en formato PDF, navegadores de Internet, etc.

A finais de 2003 atópanse accesibles en liña 2 bases de datos das que xestiona o Centro de Documentación:

- Catálogo: base de datos bibliográfica, con referencias de monografías, publicacións periódicas e artigos vaciados, e con acceso directo no caso de que existan versións electrónicas

- Control CD: base de datos documental, que permite coñecer cal é o estado das peticións de información feitas polo Centro de Documentación para a realización de traballos e estudos do CES e para as súas tarefas propias e acceder ós documentos enviados dun xeito áxil e eficaz

Una terceira base de datos, chamada Recursos, está aínda en probas: trátase dunha selección dos mellores recursos de información sobre economía e sociedade galegas, organizados tematicamente e existentes na Rede, en papel ou noutros formatos.

Posteriormente a esta selección, o listado de todos os recursos tamén será accesible dende a páxina web do CES Galicia.

O longo do ano 2004 agárdase a incorporación doutras bases de datos a este sistema que pode ser consultado en liña dende calquera ordenador existente na sede do CES Galicia.

- *O Boletín-e*

O Boletín de Novidades que viña realizando o Centro de Documentación experimentou unha importante transformación no seu deseño e contidos dando paso a unha nova etapa. A aparición do novo Boletín-E, con periodicidade quincenal, tenta dar conta ós seus usuarios, non soamente das publicacións incorporadas ó Centro (facilitando acceso directo a aquelas que posúen unha versión dixital) senón tamén dar conta por unha banda, das novas publicacións (estudios, informes, dictames) que realiza o propio CES e o resto de Consellos do Estado, e por outra, seleccionar e informar de recursos en Internet, especializados no noso ámbito de traballo e que consideramos de utilidade para toda aquela persoa que consulte o Boletín.

Dun xeito máis concreto, esta é a nova estrutura do Boletín:

- **Novas publicacións:** A parte central do boletín-e recollerá a referencia das publicacións que teñan chegado ó Centro de Documentación e que sexan consideradas de maior importancia polo seu contido ou alcance. Cada quincena destacárase algunha delas e incluírase un listado das novidades especializadas no contexto socioeconómico galego incorporadas ós fondos bibliográficos do CES-Galicia . Ademáis dos datos bibliográficos básicos, ofrecérase acceso directo á versión electrónica da publicación, en caso de existir.

- **Recursos na rede:** En cada número da nova publicación dixital presentárase unha selección de recursos de información dispoñibles na Internet que poidan resultar de interese para as actividades que desempeña o Consello (e polo tanto relacionados coa economía e sociedade galegas e o seu contexto), cun breve

comentario sobre o seu contido. Na selección dos recursos fírase especial fincapé naqueles elaborados na Comunidade Autónoma ou referidos a ela, en particular os que se poidan considerar como útiles para a análise socioeconómica de Galicia.

- Novas CES: O boletín-e reservará unha sección para dar conta dos traballos elaborados polo CES-Galicia e ofrecerá acceso directo ós mesmos para a súa eventual descarga en formato pdf. Tamén se incluírán os informes ou estudos máis relevantes publicados polos outros CES, tanto de España (do Estado, autonómicos e mesmo locais) como do Comité Económico e Social europeo.

O nova versión do Boletín de Novidades do Centro de Documentación incorporouse como número 14 á colección xa existente. O número actual de receptores do Boletín é de 166 persoas.

Ó longo de 2004 incorporárase un formulario de alta na lista de receptores do Boletín-E na páxina web do CES. Polo momento, calquera persoa pode consultar o Boletín na nosa web (<http://www.ces-galicia.org/nbiblio/novbiblio.html>)

- *Cooperación con outros CES*

Xornadas de Documentación e Comunicación nos CES

No mes de maio de 2003 tiveron lugar en Santander as *Primeras Jornadas sobre la Documentación y la Comunicación e los CES*, organizadas polo CES Cantabria. As xornadas tiñan como obxectivo básico analizar a importancia que teñen para os nosos Consellos tanto os gabinetes de prensa como os centros de documentación propios, por medio do intercambio de experiencias dos profesionais ó cargo dos mesmos nos diferentes CES.

A participación do CES Galicia reflectiuse na presentación dunha ponencia por parte do responsable do Centro de

Documentación, titulada *Panorama actual de los recursos de información socioeconómica. Novos desenvolvementos*, na que se tentaba presentar dun xeito práctico cales son os principais recursos de información socioeconómica á hora de realizar os traballos técnicos (Memorias socioeconómicas principalmente) propios dun CES e presentar tamén os avances na Rede Internet que facilitan a localización de recursos de información útiles para eses traballos.

Estas Xornadas terán continuación no ano 2004, aínda en data por determinar, e baixo a organización do CES Canarias.

O Proxecto Recursos

Como resultado desa ponencia presentada polo CES Galicia, xurdiu un novo proxecto de cooperación entre os diferentes CES do Estado: a posta en marcha, dentro do portal web CES Españoles (<http://www.ces.es/cesespa/index.htm>) dunha base de datos con referencias, organizadas por tipoloxía e temáticas, dos mellores recursos de información na área socioeconómica dos que os CES poidan dispor para a elaboración dos seus traballos.

Do mesmo xeito, o feito de colocar esta base de datos no portal dos CES do Estado, facendoa consultable por calquera persoa, serviría para realzar o papel dos Consellos cara ós administrados.


No desenvolvemento do proxecto participan documentalistas dos CES de Baleares (coordinador), Castela e León, Canarias, Galicia e do CES do Estado. A intención do equipo de traballo é que o proxecto entre en funcionamento na primeira metade de 2004.

Traballos do CES en 2003

79

En 2003, o Consello Económico e Social de Galicia aprobou a súa **Memoria** sobre a situación económica e social de Galicia, ademais de **dous informes** (1/03, *A situación socioeconómica da muller en Galicia* e 2/03, *O subsector agrogandeiro e forestal en Galicia*) e **cinco dictames** (1/03, Dictame sobre o anteproxecto de Lei galega para a Igualdade de Mulleres e Homes; 2/03, Dictame sobre o anteproxecto de Lei pola que se modifica a Lei 9/1991 do 2 de outubro, galega de medidas básicas de inserción social; 3/03, Dictame sobre o anteproxecto de Lei de Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Galicia; 4/03, Dictame sobre o anteproxecto de Lei de medidas tributarias e administrativas; e 5/03, Dictame sobre o anteproxecto de Lei de promoción e defensa da calidade agroalimentaria de Galicia).


Neste apartado recóllese unha breve síntese do contido da Memoria e dos devanditos informes e, no seguinte, o texto completo dos dictames aprobados polo CES neste ano.



Tódolos traballos do Consello, tanto os aprobados neste ano como os anteriores, desde a súa creación, poden consultarse a texto completo na páxina **web www.ces-galicia.org**.

Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2002

En cumprimento da previsión normativa que asigna ó Consello, entre outras, *"a función de elaborar e remitir anualmente ó Consello da Xunta, a través da Consellería de Economía e Facenda, unha memoria sobre a situación económica e social de Galicia, incluíndo, se é o caso, recomendacións ou orientacións sobre a política presupostaria da Comunidade Autónoma"*, o Pleno do CES-Galicia aprobou por unanimidade na súa sesión 5/03, do 17 de outubro, a súa **Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2002**.



Mantendo un índice similar ós traballos publicados en anos anteriores, a Memoria ábrese coas consideracións dos membros do Consello sobre cada un dos apartados do seu contido, unha síntese dos aspectos máis salientables do acontecido nos eidos social e económico no ano ó que fai referencia.

Esa primeira parte inclúe, tamén como en anos anteriores, un completo cadro sinóptico cos principais indicadores económicos e sociais de Galicia respecto a España.

De seguido, desenvólvense máis polo miúdo aspectos como a situación económica de Galicia, o emprego, a análise dos distintos sectores productivos, o sector público e o benestar social dos galegos e remátase co estudo do desenvolvemento rexional da comunidade autónoma.

Cada un destes eidos é obxecto dunha análise pormenorizada das distintas facetas que se consideran de interese para a mellor comprensión da evolución da realidade económica e social da comunidade autónoma e da situación dos seus habitantes ó longo do ano de referencia.

Informe sobre a situación socioeconómica da muller en Galicia (informe 1/03)

De conformidade coas competencias atribuídas ó Consello Económico e Social de Galicia pola Lei 6/1995, de 28 de xuño, previa análise pola Comisión Sectorial nº 2: *Sector público e benestar social*, e de acordo co procedemento previsto no Regulamento de Réxime Interior do CES-Galicia, o Pleno do Consello Económico e Social de Galicia, na súa sesión 2/03, do 26 de marzo, acordou por unanimidade emitir, por propia iniciativa, un informe sobre **A situación socioeconómica da muller en Galicia**



• Xénese do informe

A Lei 6/1995, do 28 de xuño, atribúe ó Consello Económico e Social de Galicia, entre outras, a función de elaborar por propia iniciativa informes ou estudos sobre a elaboración de planos ou

programas dirixidos a favorece-lo desenvolvemento económico e social de Galicia.

No ámbito destas funcións, o Pleno do Consello Económico e Social de Galicia, na súa sesión 02/01, do 4 de febreiro, adoptou o acordo de proceder á elaboración dun informe por propia iniciativa sobre a situación socioeconómica da muller en Galicia. Na mesma sesión acordouse que o traballo se levara a cabo pola Comisión Sectorial nº2: *Sector público e benestar social*.

• Obxecto do informe

O obxecto do informe do Consello Económico e Social de Galicia é aproximarse á realidade da muller galega, dende un punto de vista social e económico, comparado, na medida do posible, ca situación socioeconómica da muller no resto de España así como nos países da Unión Europea.

1.- O capítulo UN deste informe: “Demografía”, analiza o peso demográfico da muller no conxunto da poboación galega, tendo en conta tanto a distribución da poboación e o movemento natural da mesma coma os movementos migratorios con España e co estranxeiro, facendo incidencia nas chegadas de inmigrantes á comunidade.

2.- No capítulo DOUS: “Situación laboral da muller galega”, estúdase as diferentes variables relacionadas co mercado de traballo en Galicia, analizando en especial a incidencia destas variables no traballo feminino. Así mesmo, realízase un estudo sectorial do mercado de traballo co obxecto de observar a existencia ou non de nesgo sectorial do traballo feminino.

3.- O capítulo TRES deste informe: “Condicións socio-sanitarias e educativas da muller en Galicia”, trata de analiza-las condicións socio-sanitarias e educativas das mulleres en Galicia, estudiando en primeiro lugar as doenzas que con maior frecuencia afectan ás mulleres galegas e as que producen un maior índice de mortalidade na muller, e, en segundo lugar, trátase de dar unha

visión xeral da evolución nas taxas de escolarización nos diferentes niveis educativos da muller en Galicia.

4.- O capítulo CATRO: "Protección social da muller", realiza un estudo sobre a protección social da muller en Galicia, centrándose, en exclusiva, nos réximes especiais, onde poden existir diferencias nalgunhas prestacións entre homes e mulleres.

5.- No capítulo CINCO: "Políticas sobre a muller", o informe trata de facer un recompilación das diferentes políticas que dende diferentes ámbitos afectan á muller, neste senso, analízanse en primeiro lugar as políticas económicas familiares, onde se poden distinguir a grandes trazos os subsidios familiares e as desgravacións fiscais; en segundo lugar as políticas de conciliación da vida familiar e laboral, tanto no que respecta a menores coma a persoas dependentes; en terceiro lugar as medidas activas de emprego destinadas a conseguirla igualdade de sexos no ámbito laboral, e en cuarto lugar as políticas sanitarias e de inserción destinadas á muller.

6.- As CONSIDERACIÓNS consensuadas dos membros do Consello sobre os aspectos máis salientables do informe forman o último apartado do mesmo.

- Metodoloxía e alcance

O informe sobre a situación socioeconómica da muller en Galicia pretende analiza-la coherencia entre a situación da muller e as actuais políticas que tratan de melloralas.

O alcance do informe estivo limitado pola **falla de estatísticas** desagregadas por sexos nas seguintes áreas de estudo:

1º- No que respecta ó capítulo UN do informe: "Demografía", os datos proporcionados polo INE en relación ó movemento natural da poboación non inclúen datos desagregados por sexos a nivel de Comunidades Autónomas do número e taxas de nacementos, defuncións e crecemento vexetativo. Así mesmo, en relación ós

movementos migratorios, non existe información sobre o número de galegas residentes no estranxeiro, ou do número de saídas anuais de galegos fora de España desagregados por sexos, o que impide analiza-lo número de mulleres galegas que optan pola emigración en comparación coas entradas de estranxeiras en Galicia.

2º.- O capítulo DOUS: "Situación laboral da muller galega", e, en especial, a segunda parte do mesmo, onde se realiza unha análise sectorial do traballo feminino, carece de información estatística actualizada en aspectos tan importante no caso galego como son os titulares de explotacións agrícolas das que se posúe datos para o ano 1997, ou as unidades de traballo agrícola das que non existe unha distribución por sexos precisa. Por outra banda, no que respecta ós demais sectores productivos, a información estatística desagregada por sexos é escasa, obténdose información sobre poboación ocupada por idade e sexo nos distintos sectores productivos, e non existindo información para Galicia das diferenzas salariais por sectores.

Outra das limitacións ó alcance deste capítulo ven dada pola necesidade de utilizar tanto a metodoloxía da EPA 2002, como a chamada metodoloxía orixinal, a consecuencia da non existencia en ningunha das dúas metodoloxías de forma individual, dunha desagregación informativa suficiente para levar a cabo a análise da situación laboral da muller en Galicia. Co obxecto de proporcionar unha visión máis completa desta situación óptase pola utilización conxunta de ámbalas dúas metodoloxías, tendo en conta que os datos proporcionados entre si non son comparables.

A situación laboral da muller en Galicia pretendeuse analizar dende unha perspectiva temporal de 20 anos para así obter a súa evolución e tendencia; sen embargo existen estatísticas, fundamentalmente as realizadas polo IGE, que teñen como primeiro ano de referencia da serie o 1997, o que limita o alcance da análise temporal. Por outra banda, hai que ter en conta o feito de que as series elaboradas polo INE con datos da EPA anteriores ó ano 2001 non reflicten a nova definición de paro establecida no

Reglulamento 1897/2000 da CE e non son directamente comparables cos datos dos anos 2001 e seguintes. En calquera caso, a intención do capítulo é, en cada unha das variables analizadas, tratar de representar o período máis longo estatisticamente posible, dentro do marco de 20 anos, 1981-2001/2, acordado.

3º.- En relación ó capítulo TRES do informe: "Condicións socio-sanitarias e educativas da muller en Galicia" é importante destacar, entre outras carencias, a dificultade á hora de obter información desagregada por sexos dos alumnos matriculados nas diferentes ramas de Formación Profesional. Por outra banda destacar o feito de que o cambio na ordenación educativa no permite analiza-la evolución nas matriculacións nos diferentes niveis escolares.

4º.- En relación ó capítulo CATRO: "Protección social da muller galega", o alcance do informe está minguada pola non existencia dunha desagregación por sexos dos beneficiarios das pensións contributivas e non contributivas a nivel de Comunidade Autónoma, polo que para obter unha visión aproximada tómase como referente a desagregación por sexos a nivel estatal.

Informe sobre o subsector agrogandeiro e forestal en Galicia (informe 2/03)

De conformidade coas competencias atribuídas ó Consello Económico e Social de Galicia pola Lei 6/1995, de 28 de xuño, previa análise pola Comisión Sectorial nº1: *Economía, emprego e sectores productivos*, e de acordo co procedemento previsto no Regulamento de Réxime Interior do CES-Galicia, o Pleno do Consello Económico e Social de Galicia, na súa sesión 3/03, do 15 de maio, acordou por unanimidade emitir, por propia iniciativa, o seu informe sobre **O subsector agrogandeiro e forestal en Galicia.**

- Xénese do informe

O Consello Económico e Social de Galicia, creado pola Lei 6/1995, de 28 de xuño, ten entre as súas funcións a de elaborar por propia iniciativa informes ou estudos sobre os sectores que teñen unha maior incidencia no desenvolvemento económico e social de Galicia.

No ámbito destas funcións, e diante da proposta da Comisión Europea para a reforma da Política Agraria Común (PAC), o Pleno do Consello Económico e Social de Galicia, na súa sesión 3/02, de 13 de febreiro, acordou por unanimidade proceder á elaboración dun informe a iniciativa propia sobre o subsector agrogandeiro e forestal en Galicia. Na mesma sesión aprobouse que a realización dese informe se levara a cabo pola Comisión Sectorial nº 1: *Economía, emprego e sectores productivos*.

- Obxecto do informe


O obxecto do *Informe sobre o subsector agrogandeiro e forestal en Galicia*, que emite o Consello Económico e Social de Galicia, é aproximarse á realidade de dito subsector e analiza-la incidencia da reforma da Política Agraria Común no mesmo.

A primeira parte do informe analiza os datos xerais do medio rural galego: o territorio, a climatoloxía, o emprego, a mecanización, a distribución xeral do solo, a estrutura das explotacións agrarias, o réxime de tenencia, os indicadores de desenvolvemento rural e o turismo.

A segunda parte do informe dedícase o subsector agrogandeiro en concreto, independente do subsector forestal. Analízase a contribución do subsector agrogandeiro ó VEB, a produción agraria, os produtos con indicativo de calidade, a actividade gandeira, as axudas ás explotacións agrarias, os prezos, os datos e indicadores da industria agroalimentaria e o comercio exterior.

Dada a importancia do subsector forestal en Galicia, dedíca-

se toda a terceira parte do informe ó mesmo. Analízase o seu ámbito físico, os seus riscos, a distribución de usos e propiedades do monte, a reforestación, os tratamentos silvícolas, os aproveitamentos, os prezos, os instrumentos da planificación e xestión forestal, o I+D forestal e os datos e indicadores da industria forestal, destacando o cluster da madeira. Remátase esta parte do informe cos datos do sector exterior dos produtos forestais.



A cuarta parte analiza as políticas de desenvolvemento rural, en especial a Política Agraria Común (PAC) e a aplicación en Galicia do FEOGA e das iniciativas comunitarias LEADER e PRODER. Desenvólvese un apartado específico coas propostas da revisión intermedia da PAC. Inclúese nesta parte o análise da política agraria da Comunidade Autónoma: as incluídas no PEDEGA e nos orzamentos das consellerías competentes. Dedícase un epígrafe a normativa que afecta o desenvolvemento rural (normativa urbanística e a normativa de modernización das explotacións agrarias) e rematase cos datos de medio ambiente e de sanidade.

As **consideracións** consensuadas dos membros do Consello Económico e Social de Galicia sobre os aspectos máis salientables destes apartados pechan o contido deste *Informe sobre o subsector agrogandeiro e forestal en Galicia*.

- Metodoloxía e alcance

As **limitacións** ó alcance do informe sobre o subsector agrogandeiro e forestal veñen dadas tanto pola non existencia dunha

desagregación estatística suficiente en determinadas áreas de estudio, como polo diferente ámbito temporal ó que fan referencia os distintos datos estatísticos.

Neste senso, o cambio de metodoloxía da Enquisa de Poboación Activa provoca que á hora de analiza-lo mercado de traballo se empreguen os datos correspondentes ó ano 2002 seguindo a metodoloxía EPA-2002, e para analiza-la evolución entre 1997 e 2001 se faga segundo os datos da EPA antiga.

Ademais, non foi posible actualiza-la información correspondente ás macromagnitudes agrarias (reflicten o movemento económico xerado ó redor do sector agrario nun exercicio), por estar en fase de actualización. No informe preséntanse os datos correspondentes ó ano 1999 seguindo a metodoloxía antiga xa que non é posible a aplicación da nova metodoloxía en Galicia, ó deixar fóra produtos importantes para o sector galego.

No que respecta ó ámbito da produción do subsector agrogandeiro e forestal, empréganse fundamentalmente as *Contas económicas de Galicia, serie 1995-2000*, e os datos proporcionados polo servizo de estudos Ardán. Cómpre salientar que este último só considera a empresas con domicilio social en Galicia, das que se teñen datos nos dous últimos anos consecutivos (1999-2000), e que presentan unha facturación superior ós 240.404,84 euros.

Á hora de analiza-lo sector exterior, empréganse dous fontes estatísticas con metodoloxías diferentes. Dunha banda, a *Táboa input-output de Galicia* (fai referencia ó ano 1998) segue o criterio homoxéneo de tódolos fluxos exteriores, independentemente de que teñan a súa orixe ou destino no resto do Estado, na Unión Europea ou no resto do mundo. Doutra, seguindo a metodoloxía seguida polo ICEX, os fluxos comerciais considerados son aqueles que entran ou saen de España.

O informe sobre o subsector agrogandeiro e forestal en

Galicia divídese en catro grandes apartados. Nunha primeira parte faise referencia ás características do medio rural galego, xa que a actividade agraria exerceuse sobre unha parte relativamente importante do territorio, influída notablemente polas características climáticas, e se desenvolve nas unidades técnico-económicas de produción (explotacións agrarias) e se xestiona e executa por un conxunto de persoas (agricultores e gandeiros) que fan posible a pervivencia desta imporante rama de actividade económica.

Cómpre salientar que non hai un consenso xeneralizado a cerca da definición do concepto de "rural". A OCDE emprega o parámetro densidade de poboación para diferencia-las zonas urbanas das rurais (considérase rural todas aquelas zonas que presentan unha densidade de poboación inferior ós 100 habitantes por quilómetro cadrado).

A UE, no Regulamento (CE) nº 1260/1999 do Consello, polo que se establecen disposicións xerais sobre os Fondos Estructurais, considera catro parámetros en base ós que poder catalogar unha zona como zona rural en declive. Estes catro parámetros son os da densidade de poboación inferior ós 100 habitantes por quilómetro cadrado; unha porcentaxe de emprego agrario superior ou igual ó dobre da media comunitaria (8,3% no ano 1997); a existencia dunha taxa media de desemprego superior á taxa media existente na comunidade nos últimos tres anos (11%); e un descenso de poboación dende 1985.

O INE emprega o número total de habitantes como parámetro para poder definir unha zona como rural ou urbana. O umbral límite de ruralidade é o municipio de 2.000 habitantes. Outros estudos consideran esta mesma variable, pero establecen o límite en 10.000 habitantes.

Ó abeiro deste informe, considérase medio rural agrario o formado por todos aqueles concellos que presentan un peso relativo da poboación ocupada no sector primario (agás pesca) superior ó 15% da poboación ocupada total do concello.

Á hora de selecciona-los concellos pertencentes a este medio rural, tivéronse en conta os datos do *Padrón municipal de habitantes e estatística de poboación 1996. Estructura da poboación*. Dado que non hai datos, na diferenciación entre Galicia urbana e rural non se inclúen os concellos de Abegondo, Camariñas, Laxe, Muxía, Oleiros e Somozas (As), na provincia de A Coruña; Peroxa (A), en Ourense; e Agolada e Illa de Arousa, en Pontevedra.

Na análise da distribución de cotas lácteas e número de gandeiros segundo estratos de cotas, bótanse en falta os datos da evolución da produción de leite en Galicia, así como a súa distribución segundo Comunidades Autónomas, o que permitiría facer un estudio comparado das tendencias en canto á especialización deste subsector na economía galega.

Dictames do CES en 2003

91

Este apartado da Memoria de actividades do CES-Galicia está adicada á publicación dos dictames elaborados polo organismo ó longo de 2003. Inclúese o texto completo destes traballos, xa que non se editan de ningún outro xeito, agás na páxina web do Consello. Cando o Pleno aproba un dictame, remítese o mesmo á Xunta e ó seu presidente e de seguido “cólgase” na rede.

En 2003 aprobáronse dictames sobre os seguintes asuntos:

- 1/03 Dictame sobre o anteproxecto de Lei galega para a igualdade de mulleres e homes.
- 2/03 Dictame sobre o anteproxecto de Lei pola que se modifica a Lei 9/1991 do 2 de outubro, galega de medidas básicas de inserción social.
- 3/03 Dictame sobre o anteproxecto de Lei de Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Galicia.
- 4/03 Dictame sobre o anteproxecto de Lei de medidas tributarias e administrativas.
- 5/03 Dictame sobre o anteproxecto de Lei de promoción e defensa da calidade agroalimentaria de Galicia.

Dictame sobre o anteproxecto de Lei galega para a igualdade de mulleres e homes (dictame 1/03)

1.- ANTECEDENTES

1.- Con data 28 de novembro de 2002, tivo entrada no Consello Económico e Social de Galicia oficio do presidente da Xunta de Galicia, sometendo á consideración do CES o borrador do anteproxecto da Lei galega para a igualdade do home e da muller, co obxecto de que este organismo emita o correspondente informe de natureza preceptiva que defina a posición dos axentes sociais e económicos representados no Consello.

2.- O texto do borrador foi remitido ós membros da Comisión sectorial nº 2: *Sector público e benestar social*, competente para emiti-lo dictame por razón de materia. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente da entrada da petición de dictame sobre o Anteproxecto de Lei e do comezo dos traballos.

3.- Con data 29 de novembro de 2002, o seu presidente convoca á Comisión Sectorial nº2, para o 4 de decembro, co fin de programa-las sesións e revisa-la documentación para a elaboración do dictame.

4.- Tralo estudio do texto remitido pola Presidencia da Xunta de Galicia ó longo de varias sesións de traballo, a Comisión Sectorial nº 2, na súa sesión 19/02, de data 20 de decembro, aprobou por unanimidade a proposta de Dictame e remitiuna ó presidente do Consello para a súa tramitación.

5.- En data 23 de decembro de 2002, o presidente do Consello convoca á Comisión Permanente do mesmo, que, reunida na súa sesión 1/03, de 7 de xaneiro, acorda convoca-lo Pleno do Consello para a aprobación do Dictame.

6.- O Pleno do CES, na súa sesión 1/03, do 16 de xaneiro, acorda aprobar por unanimidade o seguinte:

Dictame sobre o *Anteproxecto da Lei galega para a igualdade do home e da muller*.

2.- ESTRUCTURA E CONTIDO

O Anteproxecto da Lei galega para a Igualdade de mulleres e homes estrutúrase en tres Títulos, dezaseis Capítulos, cincuenta artigos, sete Disposicións adicionais, unha Disposición derogatoria e dúas Disposicións finais.

No Título Preliminar do Anteproxecto de Lei expóñense os obxectivos e definicións, sendo o obxectivo fundamental da mesma a eliminación absoluta das discriminacións directas e indirectas.

No Título Primeiro regúlase a actuación administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, buscando, ó mesmo tempo, dar cobertura legal a actuacións en vigor e amplia-las posibilidades de actuación, con respecto a aspectos nos que se estime necesario actuar.

No Título Segundo regúlanse os aspectos da tutela antidiscriminatoria no emprego público galego coa intención da asunción exemplar, pola Xunta de Galicia, do seu compromiso co principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes con relación á totalidade do persoal ó seu servizo. Para isto resulta necesario un instrumento lexislativo que garanta a uniforme aplicación das melloras concedidas ás distintas clases de persoal.

3.- OBSERVACIÓNS XERAIS

1.- O CES valora positivamente a elaboración dunha Lei Galega para a Igualdade de Mulleres e Homes que nos leve a un marco de plena igualdade, posto que, tal e como figura recollido na exposición de motivos do Anteproxecto, o CES comparte a idea de que é necesario garantir a vinculación da totalidade dos poderes públicos galegos na aplicación de todas as

competencias das que dispoñen para que seguindo o principio da transversalidade en clave de xénero sexan o instrumento imprescindible de cara a atinxir a eliminación de toda sorte de discriminacións directas e indirectas.

Nembargantes, o CES considera que o Anteproxecto presentado é pouco máis que unha declaración de intencións, toda vez que mostra en moitas ocasións unha falta notoria de medidas concretas, confórmase coa mera exposición dunha boa vontade e renuncia explicitamente a implantar políticas de igualdade específicas, con base nun estudio fundamentado de necesidades e a indispensable preparación dun cadro de financiamento e de recursos dispoñibles necesarios. Bótase en falta a extensión do compromiso de actuación da Xunta de Galicia nesta materia ás empresas que contraten con ela.

2.- O CES entende que o Anteproxecto de Lei galega para a Igualdade de homes e mulleres, presentado a dictame, ten unha exposición de motivos manifestamente breve e insuficiente con respecto á referencia á normativa constitucional e ás Directivas da Unión Europea, en relación ós dereitos que o Anteproxecto pretende amparar.

O CES considera que falta unha análise da realidade galega na mencionada exposición de motivos, e uns obxectivos claros e concretos. Estas deficiencias agrávanse pola inexistencia de referencias temporais á elaboración das posibles normas de rango inferior que desenvolvan a Lei exposta.

3.- Dende o punto de vista da redacción da Lei, o CES entende que abundan as afirmacións sobre a igualdade entre mulleres e homes, o que provoca certa confusión, ou cando menos, unha falta de constancia da discriminación sufrida polas mulleres, xa que a lei non ten como base real a discriminación dos homes senón das mulleres.

4.- OBSERVACIÓNS PARTICULARES

1.- O **artigo 3** do Anteproxecto de Lei sometido a dictame refírese á protección da maternidade.

O CES entende que debería ampliarse a citada protección á reprodución e embarazo.

O CES considera necesario suprimir do citado artigo a expresión “(...) *entendida como mecanismo de consecución da igualdade de oportunidades, (...)*”.

2.- O artigo 5 do Anteproxecto de Lei expón como obxectivo a adopción por parte da Comunidade Autónoma das medidas apropiadas para modificar os patróns socioculturais de conduta de mulleres e homes.

O CES considera que se debería substituí-la expresión: “(...) *a comprensión da maternidade (...)*” por: **“responsabilidades familiares”**.

O CES entende que se debería eliminar do artigo 5 a expresión: “*Adoptaranse idénticas actuacións de fomento da súa comprensión como función social con respecto ó coidado de familiares que, polas súas dependencias, necesiten a asistencia doutras persoas, mulleres e homes.*”

3.- O artigo 6 do Anteproxecto de Lei galega para a Igualdade de mulleres e homes expón o principio de transversalidade.

O CES entende que:

- No **apartado 1** onde di: “(...) *os sindicatos dos grupos traballadores, (...)*”, debería dicir: **“(...) os axentes sociais, (...)”**; e onde di: “(...) *ás asociacións e ós grupos de mulleres.*”, debería dicir: **“(...) ás organizacións de mulleres.”**

- No **apartado 2** onde di: “(...) *na política económica, (...)*”, debería dicir: **“(...) no mercado laboral (...)”**.

- No **apartado 3** onde di: “*A conciliación do traballo (...)*”, debería dicir: **“A conciliación do emprego (...)”**, e onde di “(...) *individualización dos dereitos (...)*”, debería dicir: **“(...) subxetivización dos dereitos (...)”**.

- No **apartado 5** do artigo 6, o CES entende que se debería modifica-

la redacción do mesmo, suxerindo a seguinte redacción: *“A garantía dos dereitos das mulleres e dos homes no eido laboral e, en xeral, na sociedade”*.

- O CES considera que se debería de engadir un **apartado 6** redactado do seguinte modo: *“A adopción de accións tendentes á erradicación de toda-las formas de violencia de xénero –violencia doméstica, delitos sexuais, acoso sexual, explotación sexual–”*.

4.- O artigo 9 do Anteproxecto de Lei sometido a dictame expón as especificacións relativas a obxectivos, contidos, metodoloxía e criterios de avaliación das medidas conducentes a proporcionar unha educación para a igualdade.

O CES considera que se debería suprimir, no **apartado 3** do citado artigo, a expresión: *“(…), inclusive as cargas parenterais e a atención de familiares que, por dependencia, necesiten a asistencia doutras persoas, mulleres ou homes.”*

O CES entende que se debería de posibilita-la reciclaxe profesional das mulleres que deixaron de traballar por coidado de persoas dependentes, así como ofrecer un compromiso de inserción laboral.

Finalmente, deberían establecerse programas integrais de formación profesional para fomenta-lo emprego e a conciliación en sectores nos que as mulleres están subrepresentadas, por outra banda o CES considera necesario e fundamental a coeducación para a eliminación da discriminación.

5.- O artigo 12 expón a obriga da Xunta de Galicia de fomentar a transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada das funcións das mulleres e homes na sociedade.

O CES entende que onde di: *“(…) dos medios de comunicación da súa titularidade (...)”*, debería dicir: *“(…) dos medios de comunicación de titularidade pública (...)”*.

No **apartado 2**, o CES entende que se debería de substituír a expre-

sión: "*A adopción, mediante autorregulación, (...)*" pola de "*a adopción dunha regulación (...)*".

No **apartado 3** debería substituí-la expresión: "*(...), especialmente no ámbito da publicidade.*", pola de: "*(...) en tódolos ámbitos*".

No **apartado 5** do artigo 12 o CES considera necesario substituír: "*(...) as asociacións e os grupos de mulleres (...)*" por: "*(...) as organizacións de mulleres (...)*".

6.- O artigo 13 do Anteproxecto de Lei sometido a dictame establece un premio de carácter anual ós medios de comunicación, onde se transmita unha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada das funcións das mulleres e dos homes na sociedade.

O CES considera que se debería de eliminar este artigo.

7.- O artigo 15 do Anteproxecto de Lei determina a ampliación nun 10% do tempo gratuíto de propaganda electoral nos medios de comunicación de titularidade pública concedido ás candidaturas ó Parlamento galego, se o destinan á explicación do seu programa sobre cuestións de xénero.

O CES considera que se debería de elimina-lo citado artigo.

8.- O capítulo IV do Título I dedícase á violencia contra as mulleres.

O CES considera que a Administración Autonómica debería en primeiro lugar realizar un estudo sobre os motivos da violencia de xénero para poder tomar medidas para a súa erradicación, e, por outra banda, promover programas de inserción sociolaboral individualizados para mulleres vítimas de malos tratos que posibiliten a incorporación efectiva das mesmas ó mercado laboral, dentro destes programas debería incluírse como elemento primordial a dotación de vivendas para mulleres que sofren malos tratos.

9.- O artigo 18 do Anteproxecto de Lei analiza medidas de erradicación da violencia contra as mulleres.

O CES entende que no **apartado 2** do citado artigo, debería de incorporarse os servizos de mediación familiar, na área de intervención, atendendo ás mulleres vítimas da violencia; e debería incluírse un apartado 4 que cree a área de análise e seguemento da integración sociolaboral das vítimas de violencia.

10.- O artigo 19 do Anteproxecto da Lei galega de Igualdade do home e da muller, expón a facultade da Xunta de Galicia para presentarse nos xuízos penais por violencia de xénero.

O CES entende que o citado artigo 19 debería ter a seguinte redacción: *“A Xunta de Galicia poderá acorda-la súa presenza nos xuízos penais por violencia contra as mulleres, e **deberá persoarse** nos casos de morte e lesións graves”*.

11.- O capítulo V do Título I expón o Plan de apoio integral á familia.

O CES entende que ademais de manter a política de "custo cero", debería establecer unha liña de axudas que supoña, por un lado, a cobertura de cotizacións á Seguridade Social e o desemprego e, por outro lado, unha prestación do 75% do SMI durante o período de excedencia para o coidado dos fillos e fillas e persoas dependentes. No caso do coidado dos fillos e fillas a prestación poderíase iniciar a continuación da baixa por este motivo.

O CES considera que deberían de igualarse os tempos dos permisos de maternidade/paternidade cos de adopción.

O CES entende que o dereito dos traballadores e traballadoras a gozalo período de vacacións nun momento distinto ó permiso de maternidade/paternidade cando ámbolos dous coincidan no tempo, sen que en ningún caso poida entenderse que o período de vacacións poida quedar incluído durante o disfrute do período de baixa.

No que respecta á ordenación do tempo de traballo, o CES considera necesario harmoniza-los horarios laborais, escolares e de garderías, de maneira que sexan ó máximo compatibles; amplia-los horarios da rede públi-

ca de garderías; establecer incentivos ás empresas que inclúan nos seus convenios colectivos acordos sobre a flexibilidade dos horarios en función das necesidades familiares, en especial, aproximando ó horario laboral co horario educativo; e establece-la apertura das escolas fora do horario escolar, con actividades extraescolares preferentemente gratuítas, dirixidas ós nenos, impartidas por profesionais no desemprego, exclusivamente dirixidas a nenos con pais que traballen nese horario.

12.- O artigo 20 do Anteproxecto de Lei analiza as medidas incluídas no Plan de apoio integral ás familias.

O CES considera que onde di "*(...) familias e de facilita-la incorporación laboral da mulleres, (..)*", debería dicir: "*(...) familias e de facilita-la incorporación e a permanencia de mulleres no mercado laboral, (...)*".

O CES entende que no **apartado 1** do artigo 20 debería suprimirse a expresión "subvencionando".

O CES considera que se debería de varia-la redacción do **apartado 2** do citado artigo, de xeito que os servicios complementarios sexan atendidos pola administración competente e non polas ANPAS.

No **apartado 6** do citado artigo, o CES considera que se deberían de incorpora-las axudas directas en contías máis importantes.

No **apartado 7** do artigo 20, o CES considera importante incluír a vivenda, tanto urbana como rural, as axudas escolares, o apoio externo, así como a incentivación da flexibilidade laboral.

O CES considera que se deberían de establecer unhas liñas de axudas directas tendentes á equiparación coas existentes nos países do norte de Europa, e en xeral que se deberían de amplia-las medidas de apoio integral á familia.

O CES entende que debería engadirse un apartado 8 onde se considere a medida de proporcionar acompañamento no transporte escolar ós menores de 6 anos.

13.- O artigo 21 do Anteproxecto de Lei sometido a dictame, especifica os tipos de medidas específicas que deberá conte-lo Plan de apoio integral á familia.

O CES considera que se debería varia-la redacción do citado artigo, quedando redactado como segue: *"O Plan de apoio integral á familia conterá medidas específicas de integración sociolaboral de familias monoparentais..."*

14.- O artigo 22 do Anteproxecto de Lei dispón as medidas dentro dos Plans de apoio ó empresariado feminino.

CES considera que se deberían de introducir medidas específicas para as traballadoras autónomas.

O CES entende que as subvencións directas ó empresariado feminino, non deberían centrarse exclusivamente en cooperativas, sendo recomendable amplia-las a todo tipo de forma xurídica de empresa constituída por mulleres.

15.- O Capítulo VII do Título I expón a igualdade laboral entre homes e mulleres.

O CES entende que debería establecerse o fomento da contratación de mulleres desempregadas para cubrir postos de traballo por permisos de maternidade/paternidade.

O CES considera que deberían introducirse incentivos ó emprego de mulleres maiores de 45 anos sen emprego anterior, así como de mulleres que deixaron o seu traballo por coidado de fillos ou persoas dependentes.

Debería, por outra banda, incentivarse o establecemento de plans de igualdade no ámbito salarial, de acceso e de promoción laboral, e establecerse instrumentos adecuados ó servizo da inspección de traballo, para velar polo cumprimento do principio de igualdade retributiva entre homes e mulleres por traballos de igual valor, así como, outros instrumentos para garantir este principio.

Finalmente, o CES entende necesario fomenta-la participación das mulleres en mesas de negociación de convenios colectivos, co fin de garantir-los dereitos da muller no ámbito laboral.

16.- O artigo 23 do Anteproxecto de Lei sometido a dictame expón as medidas de fomento da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no ámbito das relacións laborais.

O CES considera que se debería de retirar-la última frase do citado artigo onde se di: *"Cada ano elixirase a empresa cos plans de igualdade de maior cualificación e entregaráselle unha certificación oficial para o seu uso empresarial"*.

17.- No Capítulo IX do Título I propóñense unha serie de propostas de cara a eliminar a discriminación contra as mulleres nas zona rural.

O CES considera positivas, malia que bastante imprecisas e insuficientes, as devanditas medidas. En ningún momento se alude á carencia de servizos e de infraestruturas, ás dificultades laborais e sociais específicas do medio rural con propostas concretas, por este motivo as propostas de fomento de participación, información ou capacitación profesional parecen claramente insuficientes.

Con respecto á garantía de *"fomento público de autoaxuda agraria"*, exposta no artigo 28, o CES considera que se debería de clarificar-lo alcance e contido da proposta.

O CES entende necesario introducir unha aposta decidida pola consecución de melloras nas carencias sanitarias, servizos educativos, medios de transporte, a atención de nenos, persoas maiores, infraestruturas en xeral, e en particular medidas concretas para fomentar a igualdade de oportunidades das mulleres labregas, ás que no anteproxecto só se fai unha referencia mínima con respecto a unha positiva pero imprecisa proposta de fomentar *"a titularidade e cotitularidade nas explotacións agrarias"*.

En relación á cotitularidade, o CES manifesta a necesidade de fomento, con axudas directas e positivas, de fórmulas xurídicas que impliquen a figura da cotitularidade nas explotacións agrarias nas que, ó lado do titular masculino, traballe a muller; de xeito que, se por diversas circunstancias

estes decidiran continuar a súa vida por separado ou se producise o falecemento do titular masculino, a muller tivese recoñecida a súa participación paritaria nos dereitos, cotas, animais..., en definitiva en todos os bens que posúe a explotación.

En relación á titularidade de explotación, o CES considera que cómpre eliminar todas as trabas legais e normativas (Lei 19/1995) que actualmente impiden que as mulleres sexan titulares de explotacións de nova constitución ou herdadas dos seus proxenitores se o seu cónxuxe xa é titular de outra explotación.

En relación ó banco de terras, o CES considera necesario ter en conta que son moitas as mulleres que casan e van traballar á explotación da familia dos seu cónxuxe; resultando relativamente frecuente que, por mor do falecemento do marido ou por teren proxectos de vida separados, moitas delas non teñan a oportunidade de seguir desenvolver a súa actividade laboral por falta de terras propias, quedando nunha situación de absoluta marxinalidade económica. A elaboración dun banco de terras eliminará este obstáculo e pode ter outras moitas consecuencias positivas, como favorecer o acceso dos mozos e mozas a terras nas que poder desenvolver unha actividade agraria.

En relación á Seguridade Social Agraria, o CES entende que se debería propoñer-lo cambio do Artigo 2º do Decreto 3.772/72 de 23 de decembro, polo que se aprobou o Réxime Especial Agrario, que dificulta o acceso das mulleres á Seguridade Social. Resulta fundamental o mantemento dunha Seguridade Social Agraria alcanzable como instrumento imprescindible para o fundamental dereito a dispor dunha cobertura sanitaria propia, a percibir unha renda por xubilación, á dignificación, en definitiva, das condicións de vida das mulleres do agro; equiparando as prestacións e coberturas coas de outros sectores.

18.- O artigo 32 do Anteproxecto de Lei sometido a dictame, dentro do ámbito do acceso ó emprego público galego, expón que se procurará a paridade entre homes e mulleres nos tribunais de probas selectivas de acceso ó citado emprego.

O CES considera que se debería de eliminar do citado artigo a seguinte expresión: *"(...) e, de non poderse conseguir pola ausencia e mulleres cos*

requisitos esixidos na normativa aplicable para formar parte deses tribunais, procurarase a maior participación feminina posible."

19.- O artigo 33 do Anteproxecto de Lei expón unha das medidas tendentes a conseguirla paridade dentro emprego público da Comunidade Autónoma Galega.

O CES entende que se debería de eliminar do citado artigo o termo: "*substancialmente*".

20.- O artigo 34 do Anteproxecto de Lei afecta á valoración de méritos nas probas de promoción interna.

O CES propón a eliminación do artigo 34.

21.- O artigo 35 do Anteproxecto de Lei sometido a dictame determina que a Administración Pública Galega garantirá a igualdade de retribucións salariais e extrasalariais no ámbito do emprego público.

O CES propón a modificación da redacción do citado artigo, quedando redactado como segue: "*A Administración Pública Galega garantirá a igualdade de retribucións salariais e extrasalariais entre mulleres e homes no ámbito do emprego público para satisfacerlo principio de igual retribución por traballo de igual valor.*"

22.- O artigo 36 do Anteproxecto de Lei galega para a Igualdade de homes e mulleres expón o caso no que o esforzo físico é un elemento xustificador dunha partida retributiva.

O CES non comparte a valoración de postos con esforzo físico, e entende que esta valoración deberá aparecer nas valoracións de Riscos laborais e as súas correccións.

23.- O artigo 39 do Anteproxecto sometido a dictame, determina o

dereito á elección do período de vacacións a favor das mulleres xestantes ó servizo da Administración Pública Galega.

O CES considera que este dereito debería de estenderse tamén ás mulleres con fillos ou fillas menores ou con maiores dependentes.

24.- O artigo 40 do Anteproxecto de Lei reconece o dereito do persoal ó servizo da Administración Pública Galega, con fillos e fillas menores de seis anos ou con familiares dependentes, á flexibilización da súa xornada de traballo.

O CES considera que a facilidade que se expón neste artigo para flexibiliza-lo horario queda a expensas das necesidades do servizo e a un regulamento posterior.

25.- O artigo 42 do Anteproxecto de Lei sometido a dictame establece un permiso retribuído a favor dos proxenitores varóns empregados na Administración Pública Galega.

O CES non comparte a exclusión deste permiso dos proxenitores que non estivesen casados ou das que non convivisen de xeito estable en análoga relación de afectividade.

26.- No Capítulo IV do Título II expóñense as medidas de prevención e sanción do acoso sexual.

O CES considera que se debería de defini-la figura do acoso e tipificar a sanción, moi grave no caso de acoso sexual.

O CES entende que se debería de establecer un procedemento de actuación favorable á persoa acosada, procedemento que non debe quedar á marxe do habitual para faltas graves ou moi graves.

27.- O artigo 45 expón a tramitación do procedemento informal de solución dos casos de acoso sexual.

O CES entende que debería introducirse no artigo o deber en todo caso por parte da dirección do centro de levar a cabo as propostas.

28.- O artigo 46 do Anteproxecto de Lei sometido a dictame establece que, en todo caso, no ámbito do acoso sexual, se os feitos revestisen caracteres de delito perseguible de oficio, incoarase un procedemento disciplinario contra a persoa denunciada.

O CES considera fundamental que a utilización dun procedemento informal de solución non supoña en ningún caso unha forma de evita-lo uso do procedemento normal de incoación do procedemento disciplinario.

29.- No artigo 49 do Anteproxecto de Lei comprométese á Administración Pública Galega á erradicación do acoso moral por razón de xénero.

O CES entende que se debería de incluír o mesmo procedemento informal para o caso do acoso moral.

30.- A Disposición Adicional sexta expón a posibilidade de mellora das condicións de prevención e de sanción do acoso sexual a través da negociación colectiva.

O CES considera que se debería substituíla expresión: “(...) *Podera-se mellora-la(...)*” pola de: “(...) *mellorara-se (...)*”.

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2003

Vº. e P.

O PRESIDENTE
Asdo: Luis Suárez-Llanos Gómez

O SECRETARIO XERAL
Asdo: Carlos Monclús Díez de Ulzurrun

Dictame sobre o anteproxecto de Lei galega pola que se modifica a Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas de inserción social (dictame 2/03)

1.- ANTECEDENTES

1.- En data 14 de marzo tivo entrada no Consello Económico e Social oficio da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo dictame por este organismo, o borrador do anteproxecto de Lei polo que se reforma a Lei 9/1991, de 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social.

2.- O texto do borrador foi enviado, o luns 17 de marzo, ó presidente e ós membros da Comisión Sectorial nº2: *Sector público e benestar social*, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de Dictame. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente, con data 14 de marzo, da entrada de solicitude de dictame.

3.- Con data 17 de marzo, o seu presidente convoca á Comisión Sectorial nº 2 para o luns 24 de marzo, co fin de inicia-los traballos de reflexión sobre a proposta de dictame.

4.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 05/03, acorda aprobar por unanimidade a proposta de Dictame, con data 24 de marzo, e a remite ó presidente do Consello para a súa tramitación.

5.- O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca ó Pleno do Consello, que na súa sesión 02/03, de 26 de marzo, e tras coñecer-lo texto remitido, acorda aprobar por unanimidade o seguinte

DICTAME

sobre o anteproxecto de Lei de reforma da Lei 9/1991, de 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social .

2.- ESTRUCTURA E CONTIDO

O Anteproxecto sometido a dictame consta dun artigo único onde se modifican os artigos 9, 12, 14, 18, 20, 24, 31, 32, 33, 34, 35 e 50, así como as disposicións adicionais primeira e terceira da Lei 9/1991, de 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social.

No que respecta ó contido do Anteproxecto sometido a dictame, dende a perspectiva das novas políticas activas de emprego e seguindo as tendencias apuntadas pola Mesa Autonómica de Avaliación e Seguimento da Renda de Integración Social, considérase adecuado abordar melloras na prestación da renda de integración social de Galicia e nas axudas para situacións de emerxencia social. Dado que o plan de loita contra a pobreza regulado pola Lei 9/1991 está consolidado, corresponde examina-las incidencias apreciadas nos dez anos transcorridos dende a súa entrada en vigor, entre as que se aprecia fundamentalmente as necesidades de incrementa-las contías das prestacións económicas e de prolonga-la súa percepción ata o momento en que o beneficiario alcance unha axeitada integración social; o máis relevante neste senso, é o aumento da súa contía, incrementándose o importe do subsidio básico ata que ascenda ó 75% do salario mínimo interprofesional, establecéndose tamén no caso dos complementos familiares respectivas porcentaxes sobre o importe mensual de dito salario.

Por outra banda mantense a extinción polo transcurso de catro anos na percepción da renda introducindo a excepción de que fose necesario manter a prestación pola situación de exclusión social e/ou desestructuración familiar de unidade de convivencia, especialmente cando existen menores na mesma.

No que respecta á imposibilidade de reitera-la solicitude da renda en determinados supostos de exención, redúcese o prazo de espera de dous a un ano. Tamén se modifica a regulamentación da devolución cando exista ocultación ou falseamento de datos por parte do beneficiario.

Adáptanse as prescricións sobre estranxeiros ó marco da Unión Europea e á nova normativa sobre a materia, igualándose os requisitos de acceso dos nacionais e dos estranxeiros, co único requirimento da esixencia da residencia legal en España ós estranxeiros non comunitarios.

En canto ó cómputo dos ingresos dos solicitantes, deben valorarse os ingresos e os bens que posúe o peticionario no momento da solicitude.

Co fin de incentiva-la incorporación dos beneficiarios da renda de integración social de Galicia ó mercado de traballo, recollese o principio do outorgamento da máxima protección permitida pola normativa estatal e comunitaria vixente, en materia de incentivos, tanto para a contratación por conta allea como para o autoemprego e economía social. Tamén se establece que os beneficiarios da renda terán prioridade nos programas de colaboración coas Administracións Públicas e entidades sen ánimo de lucro, para a realización de obras e servizos de interese xeral ou social.

En canto ás axudas para situacións de emerxencia social cabe sinalar que se establece un sistema de anticipos de ata o 100% do importe da axuda.

Finalmente modifícanse dúas disposicións adicionais, unha para esixir que os orzamentos da Comunidade Autónoma inclúan as partidas necesarias para o financiamento dos programas contemplados na lei reformada e outra para autorizar á Xunta de Galicia a publicar un texto refundido que recolla tódalas modificacións do texto refundido, e introdúcense nesta Lei dúas disposicións transitorias que establecen un réxime de aplicación progresiva dos incrementos das contías establecidas.

3.- OBSERVACIÓNS XERAIS

1.- O Consello Económico e Social de Galicia considera necesario e oportuno o anteproxecto de lei polo que se reforma a lei 8/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social, que se somete a dictame, porque mellora a prestación da renda de integración social de Galicia e se facilita o acceso a ditas prestacións sociais.

O CES considera que a prestación baséase na unidade de convivencia e non no individuo, aspecto que debería ser obxecto de reflexión, xa que este

concepto afecta notablemente a todos aqueles posibles perceptores que se agrupan para facerlles fronte en mellores condicións ó acceso á vivenda, gastos, etc. Neste senso deben interpretarse as consecuencias da desestructuración familiar da unidade de convivencia ás que se refire o artigo 32.1, epígrafe g.

2.- O CES-Galicia considera que se debería aproveitar esta oportunidade para avanzar máis na acción protectora das políticas de rendas mínimas tanto na súa contía como nos requisitos de acceso e prazo de extinción.

4.- OBSERVACIÓNS PARTICULARES

1.- O **artigo 9** do anteproxecto de Lei polo que se reforma a Lei 9/1991, de 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inclusión social, determina os requisitos que deben reuni-las persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia. No epígrafe **a)** do **apartado 1** de dito artigo, establécese como requisito para ser beneficiario da renda de integración social de Galicia para aquelas persoas que, procedentes doutras comunidades autónomas do estado español, sexan beneficiarias do salario social da Comunidade Autónoma da que procedan, que na lexislación da Comunidade da que procedan se recolla a reciprocidade.

O CES considera necesario instar un acordo marco xeral na Conferencia Sectorial de Asuntos Sociais para que as distintas Comunidades Autónomas inclúan na súa normativa o principio de reciprocidade do recoñecemento dos beneficiarios desta renda de integración social.

No mesmo **apartado 1** deste artigo establécese que poderán ser beneficiarios da renda de integración social de Galicia os cidadáns de estados non membros da Unión Europea que, ademais de cumprir as condicións previstas nesta lei, acrediten a residencia legal en España no momento da formulación da solicitude.

O CES, tendo en conta que os trámites do permiso de residencia prólónganse, en xeral, por riba dos nove meses, considera que deberían arbitrase procedementos de acceso á prestación que consideren que o feito causante da cobertura da situación de necesidade poida retrotraerse á data da

solicitud de renda de integración social, no caso de que a resolución do permiso de residencia fose positiva.

2.- O **artigo 12** do anteproxecto de Lei sometido a dictame determina a contía do subsidio básico, a contía do complemento variable e o importe que percibirá cada usuario. No **apartado 1** de dito artigo establécese que a contía do subsidio básico será equivalente ó 75 % do importe mensual do salario mínimo interprofesional, fixado na lexislación específica que resulte aplicable.

O CES considera que, mantendo que, en ningún caso, o importe que perciba cada beneficiario supere o límite do 125 % do importe mensual do salario mínimo interprofesional, debería establecerse un procedemento de revisión da contía do subsidio básico para aproxima-lo seu importe mensual ó salario mínimo interprofesional.

3.- No epígrafe **c)** do **apartado 1** de **artigo 14** establécese que, en todo caso non se considerarán os ingresos irregulares que unicamente resulten un complemento de supervivencia nin tampouco os ingresos de carácter finalista dirixidos á formación regradada ou a paliar situacións de emerxencia social.

O CES entende necesario introducir na redacción do citado epígrafe que as prestacións por fillo a cargo da Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado, se consideren en todo caso ingresos finalistas e, polo tanto, excluídos do cómputo ós efectos do previsto no presente artigo.

4.- No **apartado 5** de **artigo 24** establececese que o concello de residencia, no prazo dun mes desde a recepción da solicitude, remitiralle os informes, a proposta de resolución e maila restante documentación necesaria para poder continuar a tramitación do expediente á delegación provincial da consellería competente en materia de servizos sociais, para a súa cualificación e posterior resolución.

O CES considera que os prazos son excesivos e deberían axustarse ó máximo dun mes entre a recepción da solicitude e a súa resolución.

5.- No epígrafe **g)** do **apartado 1** do **artigo 32** establécese que as prestacións da renda de integración social de Galicia extinguiranse transcorridos catro anos consecutivos na súa percepción, establecéndose a súa prórroga si fose necesario manter ós beneficiarios na percepción da prestación pola súa situación de exclusión social e/ou desestructuración familiar da súa unidade de convivencia, especialmente cando existan menores na mesma.

O CES considera que non debería establecerse un límite temporal automático de catro anos consecutivos como causa de extinción das prestacións da renda de integración social, e debería regularse dito prazo en positivo como causa de revisión do cumprimento dos obxectivos dos itinerarios de inserción. Neste senso, considérase que polo órgano de resolución, e previo informe dos servizos sociais de atención primaria do concello de residencia do beneficiario, deben avaliarse de novo tódalas prestacións da renda de integración social que excedan catro anos consecutivos na súa percepción, revisando os requisitos obxectivos que se establezan nos itinerarios de inserción para evita-la súa cronificación; dita revisión podería afectar tanto á modificación dos itinerarios de inserción, como á prestación.

En coherencia co anterior debería modificarse o apartado 4 do artigo 32.

6.- Na **Disposición transitoria primeira** do anteproxecto de Lei sometido a dictame autorízase á Xunta de Galicia, durante os dous primeiros exercicios orzamentarios de aplicación desta lei, a unha aplicación progresiva do incremento do importe da renda de integración social de Galicia.

O CES entende que a aplicación progresiva da lei, dado que se pretendía a súa entrada en vigor o un de xaneiro do ano 2003, debería reducirse a un ano, acadando o subsidio básico o 70% do importe mensual do salario mínimo interprofesional, no primeiro ano de aplicación da lei.

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2003

Vº. e P.
O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo: Luis Suárez-Llanos Gómez Asdo: Carlos Monclús Díez de Ulzurrun

Dictame sobre o anteproxecto de Lei de Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Galicia (dictame 3/03)

1.- ANTECEDENTES

1.- En data 2 de abril tivo entrada no Consello Económico e Social oficio da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo dictame por este organismo, o borrador do anteproxecto de Lei de Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Galicia.

2.- O texto do borrador foi enviado ó presidente e ós membros da Comisión Sectorial nº1: *Economía, emprego e sectores productivos*, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de Dictame.

3.- Con data 7 de abril, o seu presidente convoca á Comisión sectorial nº 1 para o luns 14 de abril, co fin de inicia-los traballos de reflexión sobre a proposta de dictame.

4.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 06/03, de 28 de abril, acorda aprobar por unanimidade a proposta de Dictame e a remite ó presidente do Consello para a súa tramitación.

5.- O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca ó Pleno do Consello, que na súa sesión 3/03, de 15 de maio, e tras coñece-lo texto remitido, acorda aprobar por unanimidade o seguinte

DICTAME

sobre o anteproxecto de Lei de Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Galicia.

2.- ESTRUCTURA E CONTIDO

A Lei de Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Galicia pretende, por unha parte, completa-lo soporte xurídico estable, e por outra, servir de soporte e estas Institucións para afrontar-los novos retos que se impoñen, tanto dende un punto de vista social como económico, como das novas tendencias da Ciencia da Administración.

O anteproxecto de Lei estrutúrase en sete capítulos, dúas Disposicións Adicionais, catro Disposicións Transitorias, dúas Disposicións Derrogatorias e unha Disposición Final:

No Capítulo I: "Disposicións Xerais", exponse o obxecto da Lei, así como a natureza, finalidades e funcións das Cámaras, manténdose o carácter tradicional das Corporacións de dereito público das Cámaras, poñéndose de manifesto o carácter de entidades colaboradoras coa Administración.

No Capítulo II: "Ámbito Territorial" prevese a posibilidade de disolución, creación, fusión ou integración de Cámaras e modificación da súa demarcación central, buscando unha tendencia de unificación de recursos e mantemento da representación destas Corporacións en todo o territorio.

O Capítulo III: "Organización", está dividido en seis seccións. Nas catro primeiras regúlanse os órganos de goberno das Cámaras, sendo estes o Pleno, o Comité Executivo e o Presidente, estando integrado o Comité Executivo polo Presidente da Corporación, Vicepresidentes, o Tesoureiro e un número de vocais non inferior a tres nin superior a seis. Na sección quinta establécense os criterios xerais polos que se debe de rexe-lo persoal das Cámaras, dentro deste ámbito é importante destaca-la figura do Secretario Xeral, encargado de velar pola legalidade dos acordos dos órganos de goberno. Na sección sexta dedicada ó Regulamento de Réxime Interior, establécense os criterios mínimos ós que se deben adapta-los mesmos.

O Capítulo IV: "Réxime Electoral", respecta a tradición electoral destas Corporacións mantendo o sistema de elección por medio de grupos e categorías.

O Capítulo V: "Réxime Económico e Orzamentario", recolle as vías de ingresos e as obrigas de elaboración e liquidación de orzamentos, así como

o sistema contable e os mecanismos de control financeiro destas Corporacións, afondando no principio de autofinanciamento parcial e no sistema de fiscalización pública dos orzamentos.

No Capítulo VI : "Consello Galego de Cámaras", crease e régulase este organismo, configurándoo como unha Corporación de Dereito Público con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, sendo o órgano de coordinación e impulso de actuacións comúns das Cámaras, obtendo deste modo unha mellor asignación dos recursos dispoñibles, sen prexuízo do seu carácter de órgano de colaboración coa Administración.

No Capítulo VII: "Réxime Xurídico" sométese a contratación e o réxime patrimonial ó Dereito privado, debendo respectarse os principios de publicidade, concurrencia e obxectividade. Por outra parte, ante a eventualidade dunha posible inactividade da Administración Pública nas súas funcións de tutela, establécese o silencio administrativo como positivo para os supostos de que non se resolverse expresamente.

3.- OBSERVACIÓNS XERAIS

1.- O CES valora positivamente a inclusión no Anteproxecto de Lei de Cámaras de Comercio, Industria e Navegación de Galicia da posibilidade de variar o número actual de Cámaras e acomodalalo á actual realidade empresarial, a posibilidade do voto por correo así como que as Cámaras poidan conceder subvencións e efectuar doazóns que están directamente relacionados cos seus fins, e que poidan establecer convenios con outras entidades públicas e privadas.

2.- O CES reitera a súa consideración sobre o feito de que os anteproxectos de lei sometidos ó seu dictame deben acompañarse da memoria xustificativa correspondente.

3.- O CES considera que na redacción do articulado do Anteproxecto de Lei sometido a dictame apréciase unha reiterada confusión entre o carácter de entidade colaboradora das Administracións Públicas en xeral e da

Administración da Comunidade Autónoma e da Xunta de Galicia en particular. O CES entende que a redacción debe reconducirse a **“entidade colaboradora das Administracións Públicas en xeral”**, de acordo coa Lei 3/1993, de 22 de marzo, Básica das Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación. (Cfr. Art. 49 e 50 e) do Anteproxecto de Lei).

4.- O CES considera que se aprecia unha extralimitación en canto ós límites fixados na Lei 3/93, tendo en conta que a tutela, tal como a configura dita norma, determina unhas facultades de control da legalidade e nunca da oportunidade, de maneira que as facultades que respecto á Cámara de Comercio pode asumir o órgano tutelante se refiren única e exclusivamente a garanti-las conformidade das decisións ou proxectos de decisión coa legalidade vixente, de forma que o control que exerce o órgano tutelante será un control regrado e, polo tanto, vinculado á norma xurídica.

5.- O CES entende necesario salvagarda-lo principio de complementariedade establecido no texto do preámbulo do Anteproxecto de Lei sometido a dictame.

No preámbulo do Anteproxecto de Lei sinálase con respecto á creación do Consello de Cámaras que : “ (...) *Unha maior aproximación a tódalas empresas de cada demarcación, adecuando os instrumentos que posúen as Cámaras á esencia dos servizos a prestar e a busca dun marco de colaboración coas asociacións empresariais que permitan que as súas actuacións se complementen, son igualmente obxectivos que se marcan coa creación de dita corporación de dereito público con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins*”.

Así mesmo, no artigo 3 sinálase que as Cámaras realizarán a súa finalidade “*sen prexuízo da liberdade sindical e de asociación empresarial e das actuacións noutras organizacións sociais que legalmente se constituían*”.

O CES entende que dita complementariedade debe lograrse por dúas vías: eliminando a duplicidade das actuacións e permitindo unha maior colaboración entre as Cámaras e as asociacións empresariais.

Esta consideración xeral está recollida de forma concreta nas conside-

racións particulares ós artigos 4 e 50 do Anteproxecto de Lei sometido a dictame.

6.- Sen prexuízo das competencias atribuídas ás Cámaras e con respecto ó principio de complementariedade coas actuacións das organizacións empresariais máis representativas no ámbito autonómico territorial e intersectorial, o CES entende que debe incorporarse dito principio no articulado, concretamente nos preceptos que regulan as funcións tanto das Cámaras como do propio Consello de Cámaras.

Esto implica que o Consello de Cámaras debe actuar como un mero coordinador das actuacións de cada Cámara, polo tanto, só debe promover novas actuacións naquelas áreas que non están xa cubertas pola actuación de outras entidades e limitada sempre ós intereses do comercio, a industria e, no seu caso, a navegación.

O CES entende que se debe ter en conta que a eliminación das duplicidades e o mantemento do principio de complementariedade non é unha cuestión banal para os propios empresarios membros da Cámara, pois, tal como se sinala no artigo 39, *“No marco da lexislación básica, as leis de orzamentos da Comunidade Autónoma poderán elevar as alícuotas do recurso cameral permanente xirando sobre as cotas do Imposto de Actividades Económicas ou calquera outro que o substitúa por encima do tipo xeral, así como afectar dito incremento, total ou parcialmente, á realización de funcións de carácter público-administrativo das Cámaras ou ó financiamento complementario do Consello Galego de Cámaras”*.

O CES considera que, en todo caso, esta posibilidade debe operar con carácter excepcional, pois non debera operativizarse se existe unha axeitada fixación das funcións do Consello e das propias Cámaras.

Esta consideración xeral está recollida de forma concreta nas consideracións particulares ós apartados i) j) e o) do artigo 50 do Anteproxecto de Lei sometido a dictame.

7.- O CES considera necesaria a integración da organización empresarial máis representativa de ámbito autonómico nos órganos do Consello

Galego de Cámaras, de acordo coa redacción do apartado 1 bis do artigo 19 da Lei de 3/1993, de 22 de marzo, Básica de Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación, segundo redacción da Disposición Adicional vixésimo sétima da Lei 53/2002, de 30 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e de Orde Social.

Esta consideración xeral está recollida de forma concreta nas consideracións particulares ó artigo 52 do Anteproxecto de Lei sometido a dictame.

4.- OBSERVACIÓNS PARTICULARES

1.- O artigo 4 do Anteproxecto de Lei de Cámaras Oficias de Comercio, Industria e Navegación de Galicia regula as funcións que lle corresponden ás Cámaras.

Unha das vías de salvagarda do principio de complementariedade é a través da eliminación da duplicidade de actuacións, evitando que as Cámaras realicen funcións que xa están realizando as asociacións empresariais como entidades colaboradoras da Administración (formación non regrada, orientación e colaboración no marco do Servicio Publico de Empleo, representación institucional en órganos de consulta e participación...)

En aras dunha maior complementariedade, o CES considera que no **apartado 2 do artigo 4** debería engadirse o seguinte texto:

“Así mesmo, corresponde ás Cámaras o exercicio das funcións público-administrativas que se enumeran a continuación, sen prexuízo das actuacións de outras organizacións empresariais legalmente constituídas (...)”

O **apartado 2 c) do artigo 4** do Anteproxecto sometido a dictame establécese que lle corresponderá ás Cámaras a función de difundir e impartir formación regrada e non regrada referente á empresa.

O CES entende que ás Cámaras de Comercio, Industria e Navegación non deben impartir formación, e en especial a regrada.

Os **apartados d), e), f), g) e h)** do **punto 2** do **artigo 4** determinan algunhas das funcións que lle corresponden ás Cámaras no exercicio das funcións público-administrativas.

O CES considera que as funcións establecidas nos citados apartados entran en competencia funcional, ou ó menos, quedan confusas as funcións da Administración ou das Asociacións Patronais.

No **apartado 3** do **artigo 4**, o CES entende necesario engadi-lo seguinte texto:

*“As Cámaras poderán (...) e asesoramento empresarial **para os seus electores e sen prexuízo das actuacións de outras organizacións empresariais legalmente constituídas**”.*

O CES entende que se debería de potencia-la colaboración entre as Cámaras e as asociacións empresariais, para o que considera necesario elimina-la redución que se fai no **apartado 4** do **artigo 4**, da posibilidade de conveniar só entre as propias Cámaras, restricción que, por outra banda, entra en contradicción coas atribucións ó Pleno establecidas no artigo 15.1 d) do Anteproxecto ou coa mención establecida para o Consello Galego de Cámaras no artigo 50 i).

2.- O artigo 8 do Anteproxecto de Lei sometido a dictame relata os requisitos e supostos de creación, fusión e integración de Cámaras.

O Anteproxecto de Lei parte da idea de que a creación dunha Cámara só pode se-lo resultado dunha fusión –de dúas ou máis Cámaras de ámbito infraprovincial– ou da integración –dunha ou máis Cámaras de ámbito infraprovincial– nunha xa existente. Pero teoricamente cabería cuestionarse o suposto de creación *ex novo* dunha Cámara sobre a base de altera-la demarcación dalgunha –ou algunhas– das existentes, sempre que as circunstancias económicas e os intereses comerciais, industriais e navieiros o xustifiquen e sempre que concorran determinados requisitos (contar con recursos suficientes, non supoñer mingúa dos servizos prestados polas Cámaras afectadas, solicitude dun número cualificado de electores, acordo dos Plenos das Cámaras das que as súas demarcacións van verse afectadas...).

O CES entende que a fusión e integración deberían ser definidas con maior precisión. En realidade estamos ante unha figura, a fusión, que pode lograrse por dous procedementos:

- a) a fusión por creación dunha nova entidade resultante –con formal disolución das fusionadas–, e
- b) a fusión por absorción dunha ou varias por outra xa existente –con exclusiva disolución da absorbida–.

O fenómeno é análogo ó que contempla a lexislación de sociedades anónimas (art. 233 LSA) cando regula a fusión, coa particularidade de que no caso das Cámaras esta fórmula da absorción –integración– pode ter orixe voluntario ou ben necesario (ver art. 9 do Anteproxecto).

O CES considera que a Lei de Cámaras oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Cataluña, de 5 de xullo de 2002, proporciona a este tema un tratamento que podería ser utilizado para redacta-la emenda ó texto do articulado do Anteproxecto.

3.- O artigo 18.b) do Anteproxecto de Lei sometido a dictame determina como causa de perda da condición de membro do Pleno unha resolución administrativa que anule a súa elección ou proclamación como candidato.

O CES considera que, ademais de que o sistema electoral non parece o suficientemente definido para garantir un funcionamento plenamente democrático, deben limitarse as causas da perda da condición de membro do Pleno, en virtude dunha resolución administrativa, exclusivamente ás que se refiran a unha infracción obxectiva e taxada na normativa electoral vixente.

4.- O artigo 21 do Anteproxecto de Lei de Cámaras oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Galicia regula as atribucións do Presidente.

O CES entende que os apartados c), j) e m) deberían volver a redactarse dun xeito máis claro, xa que se considera que estes apartados poden resultar ambiguos.

5.- A letra i) do artigo 50 atribúe ó Consello a facultade de establecer convenios con outras entidades públicas e privadas, así como plans de actuación conxunta das Cámaras galegas e das propostas de financiamento correspondentes.

O CES considera que esta facultade de conveniar do Consello de Cámaras debería limitarse ás do seu mesmo ámbito de actuación (ámbito autonómico).

A **letra j) do artigo 50** atribúe ó Consello de Cámaras a función de informa-los proxectos de disposicións xerais emanados da Comunidade Galega, que afecten directamente ós intereses do sector do comercio, a industria ou dos servizos nos supostos e coas condicións e alcance que o ordenamento xurídico determine.

En liña coa consideración xeral quinta, o CES entende que debe eliminarse do apartado sinalado a alusión ós servizos.

Na **letra o) do artigo 50** do Anteproxecto de Lei sometido a dictame atribúese ó Consello Galego de Cámaras a función de elaborar anualmente unha memoria económica de Galicia.

Tendo en conta que o Consello Económico e Social de Galicia ten como unha das súas funcións específicas a elaboración dunha Memoria Anual sobre a situación económica e social de Galicia (art 5.3 lei 6/1995, de 28 de xuño, pola que se crea o Consello Económico e Social de Galicia), o CES considera innecesario conferir esta mesma función con idéntico contido “obligatorio” a outro organismo de dereito público. Ademais, dita función tería que ser sufragada a través do recurso cameral permanente.

6.- O artigo 52 do Anteproxecto de Lei de Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Galicia determina a composición do Pleno do Consello Galego de Cámaras.

A Disposición Adicional vixésimo sexta da Lei 53/2002, de 30 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e de Orden Social, engade un apartado 1bis ó artigo 19 da Lei 3/1993, de 22 de marzo, redactado do

seguinte xeito: “*Los órganos de gobierno y administración (referíndose ó Pleno , Comité Executivo e Presidencia do Consello Superior de Cámaras) reflejarán de manera adecuada la realidad económica española y podrán incluir entre sus miembros a representantes de la organización empresarial de ámbito nacional más representativa*”.

Tendo en conta a Disposición Adicional sinalada, e de acordo coa representación (15%) que fixa o Anteproxecto de Lei para a organización empresarial máis representativa no ámbito autonómico no Pleno en cada unha das Cámaras, o CES considera que se deberían engadir á redacción do artigo 52 o seguinte parágrafo:

“Catro vocais elixidos, na forma que regulamentariamente se determine, entre persoas de recoñecido prestixio na vida económica galega, propostos polas organizacións empresariais á vez intersectoriais e territoriais máis representativas no ámbito autonómico, e un vocal máis que o será o Presidente ou máximo representante da organización empresarial máis representativa do ámbito autonómico, tanto territorial como intersectorial”.

Os tres vocais consultores regulados polo artigo 52 deben reconducirse á figura de vocal cooperador establecida para os Plenos das Cámaras sempre que se prevea no regulamento Interior esta figura, con voz pero sen voto.

En canto á participación das organizacións empresariais no Comité Executivo, o CES entende que debe especificarse, no texto do Anteproxecto de Lei sometido a dictame, a previsión da participación, no mesmo, do Presidente ou máximo representante da organización empresarial, á vez intersectorial e territorial, máis representativa no ámbito autonómico.

En canto á participación na Presidencia, O CES entende que debe producirse a través da figura da vicepresidencia ou vicepresidencias. Unha destas debe corresponder ó Presidente da organización empresarial, á vez intersectorial e territorial, máis representativa no ámbito autonómico. Neste senso, o CES propón engadi-la seguinte redacción:

“O Regulamento de Réxime Interno debe contempla-la creación dunha ou varias Vicepresidencias do Consello, que substituirán ó Presidente como regulamentariamente se determine. Unha vicepresiden-

cia corresponderá ó Presidente ou máximo representante da organización empresarial, á vez intersectorial e territorial, máis representativa no ámbito autonómico”.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2003

Vº. e P.

O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo: Luis Suárez-Llanos Gómez Asdo: Carlos Monclús Diez de Ulzurrun

Dictame sobre o anteproxecto de Lei de medidas tributarias e administrativas (dictame 4/03)

1.- ANTECEDENTES

1.- En data 3 de outubro tivo entrada no Consello Económico e Social oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo dictame polo trámite de urxencia, o borrador do anteproxecto de Lei de medidas tributarias e administrativas.

2.- O texto do borrador foi enviado, nesa mesma data, ó presidente e ós membros da Comisión Sectorial nº1: Economía, emprego e sectores productivos, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de Dictame. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente, con data 3 de outubro, da entrada de solicitude de dictame.

3.- Con data 3 de outubro, o seu presidente convoca á Comisión Sectorial nº1 para o xoves 9 de outubro, co fin de inicia-los traballos de reflexión sobre a proposta de dictame.

4.- Con data 14 de outubro tivo entrada no Consello Económico e Social de Galicia, oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo unha adenda ó texto inicial para a súa consideración previa á emisión do dictame solicitado.

5.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 10/03, acorda aprobar por unanimidade a proposta de Dictame, con data 16 de outubro, e a remite ó presidente do Consello para a súa tramitación.

6.- O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca ó Pleno do Consello, que na súa sesión 5/03, de 17 de outubro, e tras coñecer-lo texto remitido, acorda aprobar por unanimidade o seguinte

DICTAME

sobre o anteproxecto de Lei de medidas tributarias e administrativas

2.- ESTRUCTURA E CONTIDO

O Anteproxecto sometido a dictame está estruturado en dous Títulos, e seis Capítulos con dezaioito artigos, dúas Disposicións Adicionais, dúas Disposición Derrogatorias e dúas Disposicións Derradeiras. Con este Anteproxecto de Lei modifícanse as seguintes leis:

- *Lei 4/1988, de 26 de maio, de Función Pública de Galicia.*
- *Lei 11/1992, de 7 de outubro, de Réxime Financeiro e Orzamentario.*
- *Lei 10/1988, de 20 de xullo, de Ordenamento do Comercio Interior.*
- *Lei 12/2001, de 10 de setembro, de Concentración Parcelaria de Galicia.*

No **Título I** da Lei, referente ás normas tributarias, e polo que respecta ó Imposto de Sucesións e Doazóns, establécese unha mellora nas reducións da base imponible do imposto nos casos de adquisicións "mortis causa" que afectan a descendentes ou adoptados menores de vinteun anos. Por outra parte determináanse os diferentes coeficientes multiplicadores aplicables á cota íntegra do imposto, e establécese unha redución na base imponible cando nela se integren as indemnizacións satisfeitas polas Administracións Públicas ós herdeiros dos afectados polo Síndrome Tóxico.

No referente ó Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, establécese o tipo de gravame aplicable ás primeiras copias de escrituras que documenten transmisións de bens inmoables nas que se teña renunciado á exención do IVE. Por outra parte, determináanse as bonificacións aplicables na cota do imposto.

O **Título II**, dedicado ás normas de carácter administrativo, o capítulo I contén modificacións da Lei da Función Pública de Galicia en materia de adscrición a postos de traballo, vacacións, permisos e reserva de prazas para discapacitados.

No capítulo destinado á xestión orzamentaria, recóllese unha modificación da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario para facer extensiva ás sociedades públicas autonómicas de carácter non mercantil a posibilidade de xestionar extrapresupostariamente as operacións sobre as que se limiten a realizar labores de intermediación, en todo caso previa autorización singularizada concedida polo órgano competente.

No referente á xestión de persoal, autorízase ó Servicio Galego de saúde para que poida efectuar as modificacións necesarias para adaptar os cadros de persoal non incluídos nas relacións de postos de traballo ás necesidades de cada centro de xestión.

Modificacións da Lei de ordenación do comercio interior de Galicia, necesarias para a súa adaptación ó previsto en materia de concesión de licencias para grandes establecementos comerciais na normativa estatal de carácter básico.

A modificación da Lei de Concentración Parcelaria de Galicia, en relación coa presidencia das xuntas locais de concentración, ten por obxecto evitalos riscos de colisión anteriormente existentes coa doutrina do Tribunal Constitucional.

A redistribución das competencias orgánicas entre a Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural e o artigo ILGGA, derivada da aprobación do Decreto 50/2002, de 14 de febreiro, en virtude da cal parte das funcións do Instituto pasaron a desempeñarse pola Consellería, determina a conveniencia de modificar os órganos de dirección do Fondo Galego de Garantía Agraria, denominación que en virtude do establecido na Lei 7/2002, do 27 de decembro, pasou a corresponder ó Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia.

Finalmente, dentro das Disposicións Adicionais, abórdase o establecemento dunha prestación familiar por coidado de fillos menores, que se aplicará cando quenes os tiveran ó seu cargo non estivesen obrigados a presentaren a declaración polo imposto sobre a renda das persoas físicas, así como a autorización dun réxime especial de alleamento do solo industrial por parte do Instituto Galego de Vivenda e Solo con finalidades de fomento empresarial.

Adenda ó Anteproxecto de Lei recibida o 14 de outubro.

A adenda ó Anteproxecto de Lei de de Medidas Tributarias e Administrativas, consta de catro artigos; o artigo primeiro introduce un novo artigo no Capítulo II: "Impostos Indirectos" do Anteproxecto de Lei; onde se determina o tipo de gravame no imposto sobre as vendas minoristas de determinados hidrocarburos.

O artigo segundo engade un novo artigo ó Capítulo VIII: "Protección á infancia" do Anteproxecto de Lei, onde se modifica a Lei galega da familia, a infancia e a adolescencia.

O artigo terceiro engade un novo artigo ó Capítulo IX: "Transporte público marítimo de viaxeiros" do Anteproxecto de Lei, modificando a Lei de declaración de servizo público de titularidade da Xunta de Galicia do transporte público de viaxeiros nas rías de Galicia.

O artigo cuarto engade unha nova Disposición adicional ó Anteproxecto de Lei.

As leis modificadas nesta adenda son as seguintes:

- *Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, da infancia e da adolescencia.*

- *Lei 4/1999, do 9 de abril, de declaración de servizo público de titularidade da Xunta de Galicia do transporte público de viaxeiros nas rías de Galicia.*

3.- OBSERVACIÓNS XERAIS

1.- Resulta obrigado de novo manifestar que o prazo requirido no trámite de urxencia para a emisión de Dictame implica unha celeridade na análise deste Anteproxecto que vai en detrimento do resultado esperado do labor consultivo do Consello. Polo tanto, o CES quere que se teña en conta que a ausencia de observacións particulares a algunha norma non implica necesariamente a conformidade co seu contido.

As anteriores observacións deben ser máis fortemente expresadas en relación á adenda que se recibiu no CES o pasado día 14 de outubro, co prazo para dictaminar practicamente expirado. Independentemente de que sexa unha incorporación de só catro novas normas, é inadmisíble este procedemento, posto que non se reinicia o prazo para dictaminar de urxencia, polo que o Consello Económico e Social limita as súas observacións particulares exclusivamente ó texto do Anteproxecto, e isto coa advertencia expresada no parágrafo anterior.

Non obstante, facendo unha primeira valoración sobre o texto da adenda remitida, o CES manifesta a súa absoluta disconformidade á proposta de establecemento dun tipo de gravamen autonómico sobre as vendas minoristas de determinados hidrocarburos, tanto porque afectaría negativamente ó conxunto dos sectores económicos e os fogares de Galicia como pola utilización de impostos indirectos para financiar de forma finalista a sanidade e o medio ambiente.

2.- O CES considera que o Anteproxecto de Lei de Medidas fiscais que se presenta para ser dictaminado carece de algo tan importante como é unha Memoria económica que xustifique os cambios de natureza tributaria que se inclúen na Lei.

Para valora-lo alcance e significado das outras leis modificadas, sería necesario que se acompañase unha memoria explicativa que clarificase a repercusión das medidas propostas.

O CES considera que se debe reiterar tamén a súa opinión de que a técnica lexislativa do uso dunha lei para regular materias dispares, modificando parcialmente normas vixentes, impide ó Consello realizar unha avaliación global dos textos obxecto de Dictame, profundizando no alcance das modificacións propostas, avaliación que podería producirse coa tramitación ordinaria e unitaria da totalidade da Lei modificada.

Por outra parte, a dispersión normativa producida por aquel procedemento dificulta ós cidadáns o coñecemento completo e inmediato das normas que en cada ámbito lles afectan, menoscabando a seguridade xurídica.

3.- O CES non considera axeitado o carácter que se lle está a dar á Lei de acompañamento, na que non só se modifican normas de natureza tributaria, directamente ligadas ó presuposto, senón que se modifican outras normas que provocan dispersións normativas, como por exemplo a Lei de Comercio interior ou o Fondo de Garantía Agraria. Sen embargo, non figuran modificacións que poderían ser máis oportunas, como o apoio á vivenda ou a conciliación da vida laboral e familiar.

Neste senso, o CES considera oportuno que no texto do Anteproxecto de Lei sometido a dictame podería estar recollido o dereito á “promoción cruzada”, recollida na Lei de Acompañamento dos Presupostos Xerais do Estado 2003, que consiste en que o persoal laboral de certas categorías, por similitude de tarefas, pode participar nas convocatorias de promoción interna de persoal funcionario. O CES considera que esta medida ten dúas consecuencias positivas, a de mellora-las expectativas de promoción do persoal laboral e a de permitir avanzar no proceso de funcionarización (postos de traballo ocupados por persoal laboral que “deben ser desempeñados por persoal funcionario”).

O CES tamén considera oportuno, dado o curto prazo existente e a gran cantidade de expedientes de gran complexidade a presentar, suxerir a posibilidade de modifica-la Lei 9/2002, de *Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia*, no senso de que permita a ampliación do prazo para o recoñecemento da situación urbanística das explotacións agrogandeiras.

4.- OBSERVACIÓNS PARTICULARES

1.- No **artigo 4** do Anteproxecto de Lei de sometido a dictame establécese unha mellora na redución na base imponible do imposto sobre sucesións e doazóns para as adquisicións por descendentes e adoptados menores de vinteún anos.

O CES considera positiva a redución da base imponible do imposto se se corresponde cunha medida social, como é a establecida no punto 2 do

artigo 1 respecto ó síndrome tóxico. Sen embargo, o CES entende que non se deberían permitir reducións que actúen contra a progresividade da imposición directa, como a establecida no apartado 1 deste artigo, sen ningunha discriminación por razón de renda.

Tampouco parece de equidade fiscal, nin coherente co texto da Lei do Tributo (art.20), que a dita redución non se aplique tamén ó Grupo II.

2.- O artigo 3 do Anteproxecto de Lei dictaminado determina o tipo de gravame na modalidade de actos xurídicos documentados que recae sobre os documentos notariais nos que se renuncia á exención do IVE.

O CES non considera oportuna a modificación do tipo de gravame na modalidade de actos xurídicos documentados que recae sobre os documentos notariais nos que se renuncia á exención do IVE, por carecer de xustificación económica, e por considerar que vai provocar o encarecemento do xa de seu elevadísimo prezo da vivenda en Galicia. O CES entende que é unha medida meramente recaudatoria e pouco favorecedora dos aspectos sociais, entre eles o acceso á vivenda.

3.- No artigo 6 do Anteproxecto de Lei sometido a dictame modifícase a Lei da Función Pública de Galicia, no que se refire á adscrición a postos de traballo.

O CES considera que, por analoxía coa normativa laboral (IV Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia), no artigo 6 do Anteproxecto de Lei debería engadirse o seguinte parágrafo:

“b) Os traslados serán negociados na Mesa Xeral ou Comisión Paritaria de seguimento, creada ó efecto, das devanditas adscricións”.

O CES considera que nas súas tres últimas liñas deste artigo, o novo punto 7 engadido ó artigo 27 da Lei 4/1988 establece que esta adscrición terá carácter definitivo cando o funcionario ocupara con tal carácter o posto de orixe.

O CES entende que, na medida en que a causa (motivos de saúde ou rehabilitación do funcionario, do seu cónxuxe ou dos fillos ó seu cargo) da

adscripción a posto de traballo en distinta unidade ou localidade será na xeralidade dos casos de índole transitoria, non ten lóxica impoñer o carácter definitivo da adscripción.

4.- O artigo 7 do Anteproxecto de Lei modifica a Lei da Función Pública de Galicia, no que se refire as vacacións retribuídas.

O CES propón a seguinte redacción para o artigo 7 do Anteproxecto de Lei:

“1. Os funcionarios terán dereito a disfrutar durante cada ano completo de servizo activo, unha vacación retribuída de un mes natural ou de 22 días hábiles anuais, ou os días que en proporción lles correspondan se o tempo de servizo foi menor.

2. Así mesmo terán dereito a un día hábil adicional ó cumprir quince anos de servizo, engadíndose un día hábil o cumprir os vinte, vintecinco e trinta anos de servizo, respectivamente, ata un total de 26 días hábiles por ano natural. Non se considerarán días hábiles os sábados, sen prexuízo das adaptacións que se establezan para os horarios especiais.”

O CES propón engadir a este artigo, un novo apartado 3, coa seguinte redacción:

“3. O previsto nos apartados anteriores terá carácter de mínimo para todo o persoal dependente de todas as Administracións Públicas de Galicia”.

Con esa inclusión, o actual apartado 3 deste artigo do anteproxecto pasaría a ter o número 4.

Xustifícase esta observación en que a duración mínima das vacacións anuais debe establecerse pola norma que corresponda na lexislación interna de cada Estado para todos e cada un dos sectores de actividade, en desenvolvemento do Convenio 132 da OIT (Ratificado polo Estado español en 1972). Para o ámbito da función pública estatal, esa regulación mínima ven recollida no artigo 68 da Lei de Funcionarios Cívís do Estado, que na modificación operada pola lei 53/2002, de Medidas Fiscais, Administrativas e da

Orde Social, estableceu as vacacións anuais nos mesmos termos que agora se inclúen neste anteproxecto.

Debe considerarse por tanto que esta regulación ten carácter de vacacións mínimas para todo o persoal de tódalas Administracións Públicas de Galicia, e parece oportuno incluír esta referencia expresa na norma, a fin de evitar conflitos interpretativos sobre o seu ámbito de aplicación.

5.- O artigo 8 do Anteproxecto de Lei modifica a Lei de Función Pública de Galicia, no que se refire a permisos.

A coñecida como “Lei de Igualdade”, aprobada recentemente polo Parlamento Galego, crea un denominado Permiso de Paternidade de oito días de duración, que poderá utilizar nas condicións pertinentes o persoal ó servizo da Administración Autonómica.

O CES considera que, dada a modificación que se pretende operar na Lei Galega da Función Pública, incorporando aspectos xa incluídos na Lei Estatal desde hai un ano, se inclúa na mesma o Permiso de Paternidade nos mesmos termos que recolle a “Lei de Igualdade”, para a extensión desta medida de conciliación da vida laboral e familiar ó persoal ó servizo doutras administracións públicas en Galicia.

6.- A Disposición Adicional primeira establece o dereito a percibir unha prestación por fillo menor a cargo.

O CES valora positivamente o contido desta Disposición Adicional, que supón un cambio de filosofía no apoio á familia, como se recomendou no Dictame 1/02, sobre o *anteproxecto de Lei de medidas de réxime fiscal e administrativo 2002*, co Informe-opinión sobre o *Plan de Revitalización Demográfica de Galicia*, así co cambio na redacción, recomendado no Dictame 6/02, en aras de flexibilizala mesma para poder integrar dentro da prestación a todas aquelas persoas que tivesen a cargo menores de tres anos.

O CES entende que, aínda sendo positiva a proposta descrita, debería facerse un esforzo maior no importe da prestación monetaria, xa que a pro-

posta considérase insuficiente e debería graduarse en función da renda dos beneficiarios.

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2003

Vº. e P.

O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo: Luis Suárez-Llanos Gómez Asdo: Carlos Monclús Diez de Ulzurrun

Dictame sobre o anteproxecto de Lei de promoción e defensa da calidade agroalimentaria de Galicia (dictame 5/03)

1.- ANTECEDENTES

1.- En data 18 de novembro tivo entrada no Consello Económico e Social oficio do conselleiro de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo dictame por este organismo, o anteproxecto de Lei de promoción e defensa da calidade agroalimentaria de Galicia.

2.- O texto do anteproxecto foi enviado, en data 19 de novembro, ó presidente e ós membros da Comisión Sectorial nº1: *Economía, emprego e sectores productivos*, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de Dictame. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente da entrada de solicitude de dictame.

3.- Con data 19 de novembro, o seu presidente convoca á Comisión sectorial nº1 para o xoves 27 de novembro, co fin de inicia-los traballos de reflexión sobre a proposta de dictame.

4.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 12/03, acorda aprobar por unanimidade a proposta de Dictame, con data 4 de decembro, e a remite ó presidente do Consello para a súa tramitación.

5.- O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca ó Pleno do Consello, que na súa sesión 6/03, de 29 de decembro, e tras coñecer-lo texto remitido, acorda aprobar por unanimidade o seguinte

DICTAME

sobre o anteproxecto de Lei de promoción e defensa da calidade agroalimentaria de Galicia.

2.- ESTRUCTURA E CONTIDO

O Anteproxecto de Lei sometido a dictame, segundo establece na súa Exposición de motivos, trata de dar resposta ás demandas cada vez maiores dos consumidores -sobre todo despois das crises alimentarias vividas en Europa nos derradeiros anos- que esixen do mercado que ofrezca produtos de calidade contrastada. Neste senso, a lei, ademais de potencia-las referidas figuras de protección da calidade, coas garantías de control adicional que a elas son inherentes, establece obrigas de carácter xeral para tódolos operadores agroalimentarios, co obxecto de que se garanta a trazabilidade ou rastreabilidade de toda a produción agroalimentaria da comunidade autónoma, en liña cos fundamentos recollidos no Libro Branco sobre Seguridade Alimentaria, que se viron plasmados pola súa vez, no Regulamento (CE) nº 178/2002, do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se establecen os principios e requisitos xerais da lexislación alimentaria, créase a Axencia Europea de Seguridade Alimentaria e se fixan procedementos relativos á seguridade alimentaria.

Dito Anteproxecto estrutúrase en seis Títulos, oito Disposicións Adicionais, cinco Disposicións Transitorias e catro Disposicións Derradeiras.

No título I “Principios Xerais”, establécese o obxecto e o seu ámbito de aplicación, que afectará a tódalas fases da produción, transformación e comercialización dos produtos agroalimentarios que se realicen no territorio galego.

No título II “Dereitos e deberes dos operadores agroalimentarios”, recóllense ditos dereitos e deberes co fin de crear un marco de competencia leal.

O capítulo I establece como dereitos básicos dos operadores agroalimentarios, os relativos á protección dos intereses económicos, a indemnización ou reparación dos danos e prexuízos sufridos, a información correcta sobre as características das materias e elementos para a produción e comercialización agroalimentaria e a audiencia previa no procedemento de elaboración de disposicións xerais que afecten directamente ós intereses dos operadores agroalimentarios.

Polo que respecta ós deberes dos operadores agroalimentarios, capítulo II, estes poderían sintetizarse na suxeición ós preceptos desta lei, evitando e denunciando calquera forma de fraude, adulteración, abuso ou negligencia que poña en perigo os intereses xerais, económicos ou sociais do sector agroalimentario, axustando a súa actividade á elaboración de produtos conformes coas normas, dentro dun marco de libre competencia.

O Título III “Figuras de promoción da calidade agroalimentaria” está dedicado ás distintas figuras de calidade diferenciada. O seu primeiro capítulo recolle os obxectivos da lei en relación co fomento de ditas figuras.

O segundo capítulo refírese ás denominacións xeográficas de calidade e configura ós seus órganos de xestión -os consellos reguladores- como corporacións de dereito público, con personalidade xurídica propia, autonomía económica e plena capacidade de obrar para o cumprimento das súas funcións, que se recollen neste mesmo capítulo. Así mesmo, establécese a titularidade pública dos nomes das denominacións xeográficas de calidade e se determina o seu réxime de protección.

O terceiro capítulo está dedicado á artesanía alimentaria, en relación con esta materia a lei pretende poñer en valor a gran cantidade de produtos alimentarios que son elaborados na nosa comunidade por pequenas empresas que, utilizando procesos productivos respectuosos co medio ambiente, garanten ó consumidor un produto final individualizado, de calidade e cunhas características diferenciais, co emprego de materias seleccionadas, elaboración tradicional e singular presentación, obténdose gracias ás pequenas producións controladas pola intervención persoal do artesán.

Dentro destes produtos artesáns, a lei regula tamén dúas categorías específicas que son os produtos “da casa” ou “caseiros” -elaborados con materias primas da propia explotación- e “de montaña” -elaborados en zonas así cualificadas pola normativa de aplicación- establecéndose unha protección para todos estes apelativos.

O capítulo cuarto deste título establece a creación e rexistro dunha marca, ó abeiro da lexislación xeral sobre a materia, a titularidade da cal será ostentada pola Xunta de Galicia e que poderá ser utilizada por produtos agroalimentarios que posúan unhas características de calidade diferenciada e que a súa elaboración fose realizada baixo controis específicos.

Este distintivo poderá ser utilizado nos produtos acollidos ás distintas denominacións xeográficas de calidade, as especialidades tradicionais garantidas, os produtos da artesanía alimentaria, os da agricultura ecolóxica e os da produción integrada.

O Título IV “Instituto Galego de Calidade Alimentaria”, crea este organismo como un ente de dereito público, definindo os seus obxectivos e funcións, as súas facultades, o seu réxime xurídico e os seus órganos de goberno, esbozándose tamén o seu réxime económico, patrimonial e de persoal. Todo isto será obxecto de desenvolvemento regulamentario posterior.

O Título V “Aseguramento da calidade agroalimentaria” ten como obxectivo, recollido no capítulo primeiro, garanti-la conformidade dos produtos agroalimentarios e establecer un marco de competencia leal entre os operadores do sector.

No seu capítulo segundo establécense as obrigas que a este respecto corresponden ós operadores agroalimentarios. Neste senso fórmulase a necesidade do establecemento dun sistema de control interno e dun plan de control de calidade, recolléndose a obriga de establecer un sistema de rexistro e tratamento das reclamacións e de retirada de produtos non conformes, así como tódalas obrigas conducentes a garanti-la trazabilidade dos produtos agroalimentarios.

No capítulo terceiro deste título régulanse as funcións da Administración no que respecta á inspección e control, establecéndose o marco no que os órganos encargados destas funcións poden actuar para velar polo cumprimento das obrigas dos operadores agroalimentarios. Igualmente, recóllense os mecanismos necesarios para que ditos órganos poidan realizar con eficacia as tarefas que a lei lles encomenda, sendo a inspección e o control oficial os elementos do sistema de aseguramento da calidade que garanten a aplicación correcta da normativa agroalimentaria a través da investigación das infraccións e das prácticas que poidan ser susceptibles de infrinxir a normativa.

O capítulo cuarto regula a adopción de medidas cautelares e preventivas, en especial as adoptadas como consecuencia dos descubrimentos realizados pola inspección.

O Título VI “Da potestade sancionadora”, recolle no seu primeiro capítulo que a atribución de dita potestade corresponde á Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, e no segundo o réxime de infraccións e sancións.

3.- OBSERVACIÓN XERAL

O Consello Económico e Social de Galicia, como órgano de carácter consultivo en materia socioeconómica da Xunta de Galicia, garante a efectiva participación dos axentes económicos e sociais na política socioeconómica de Galicia a través, entre outras funcións, da emisión de dictames de carácter preceptivo en anteproxectos de lei de especial transcendencia económica e social como é particularmente o **Anteproxecto de lei de Promoción e Defensa da Calidade Agroali-mentaria de Galicia**.

Pola súa relevancia en Galicia, os axentes económicos e sociais do sector agrario están amplamente representados no Consello. É esta significativa participación o que permite o Consello dictaminar cun maior alcance este anteproxecto de lei, centrándose no seu procedemento de elaboración.

O dictame do Consello concrétase pois nunha consideración xeral única e previa a todo o anteproxecto, sen entrar en consideracións particulares o articulado.

O CES considera que, dada a importancia que para o sector agrario teñen as materias reguladas neste anteproxecto, ó inicio do seu procedemento de elaboración, tanto o deseño da súas liñas directrices como a súa estrutura, deberon estudiarse e negociarse previamente cos axentes económicos e sociais máis representativos do sector. Un anteproxecto destas características non sería efectivo se non se acadase o máximo consenso dos afectados respecto ó seu contido substantivo.

Neste senso, o CES considera que debe iniciarse un novo proceso de estudio das liñas xerais do Anteproxecto de lei de Promoción e Defensa da Calidade Agroalimentaria de Galicia, cos axentes económicos e sociais máis representativos do sector, onde se negocien os seguintes puntos, que se consideran necesarios para acada-lo consenso:

1.- Necesidade de dividir o anteproxecto para facer máis efectivo o seu contido.

A mestura da normativa sobre seguridade alimentaria coa normativa sobre cualificación da calidade dos produtos agroalimentarios pode introducir confusión no sector.

O CES considera que debería propoñerse unha normativa específica sobre **seguridade alimentaria** que estivese dotada dos instrumentos de investigación e control que a garanta. Os criterios de calidade deben aplicarse a produtos nos que a seguridade non se poña en dúbida. A normativa específica sobre seguridade alimentaria regularía os dereitos e deberes, que afectarían a tódolos operadores agroalimentarios, e o seu réxime de infraccións e sancións, evitando a duplicidade con outras normas existentes.

A normativa sobre **calidade alimentaria** debería desenvolver especificamente a normativa europea e estatal sobre as figuras de valoracións de produtos agroalimentarios recoñecidas: Denominacións de orixe, específicas ou xeográficas; especialidades tradicionais garantidas; produción agraria ecolóxica, pregos de etiquetado facultativo e señas de garantía ou señas colectivas...

As características desta normativa deberían ser, por unha banda, a voluntariedade para os produtores, transformadores e comercializadores de produtos agroalimentarios para acollerse á normativa sobre calidade agroalimentaria e, por outra banda, a garantía de homoxeneidade e transparencia dos mercados, evitando regulacións paralelas que poden confundir ó produtor e ó consumidor.

2.- Necesidade de avaliar conxuntamente os custos de implantación dos requisitos de calidade para os produtores e os custos de creación das novas estruturas administrativas.

Os sistemas de calidade requiren mecanismos custosos de autocontrol e unha mellora da profesionalidade dos produtores. Deberían avaliarse, cos axentes económicos e sociais do sector, os custos de formación específica e especializada que se teñen que asumir para acadalos obxectivos de calidade

que pretende a normativa, co fin de evitar as posibles ameazas de desaparición das explotacións labregas familiares.

Deberían avaliarse conxuntamente os custos e a oportunidade de creación das novas estruturas administrativas: INGACA e a constitución, no seu caso, dos Consellos Reguladores en corporacións de dereito público.

3.- Necesidade de evita-las posibles duplicidades con normas similares e as posibles competencias compartidas.

O CES considera que nalgunhas das obrigas de carácter xeral, establecidas no anteproxecto de lei sometido a dictame, que afectan a tódolos operadores agroalimentarios, poderían existir duplicidades coas xa establecidas na normativa europea e estatal existente sobre esta materia. Tamén, a regulación da “Marca de Calidade Agroalimentaria” do anteproxecto poderían solaparse coa regulación da marca: “Galicia Calidade”.

Por exemplo, a Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria (art. 22 do Regulamento CE nº 178/2002) ten como cometido actuar en estreita colaboración cos organismos competentes dos Estados membros que leven a cabo tarefas en materia de **seguridade alimentaria**.

É tamén nesta materia, (Título V do anteproxecto de lei: Aseguramento da calidade agroalimentaria), onde parece necesario referencia-la normativa estatal en relación á mesma:

- *Ley 26/1984, de 19 de julio, General de la Defensa de los Consumidores y Usuarios*, que establece no art. 2 como dereito básico dos consumidores a protección dos riscos que poidan afectar a súa saúde e seguridade. No seu artigo 5, establece os principios que deberán observarse na regulación da produción, transformación, almacenamento, transporte, distribución e uso de bens, así como o seu control, vixilancia e inspección.

- *Ley 11/2001, de 5 de julio, por la que se crea la Agencia Española de Seguridad Alimentaria*, que establece que a seguridade alimentaria é unha esixencia derivada da Constitución, que consagra o dereito á protección da saúde e outorga ós poderes públicos competencia para organizar e tutelá-la

saúde pública, defendendo ós consumidores e usuarios e protexendo, mediante procedementos eficaces, a seguridade, a saúde e os lexítimos intereses dos mesmos (arts. 43, 51 e 149.1.16).

O obxectivo xeral da dita Axencia é protexe-la saúde pública e que os alimentos destinados ó consumo, considerando a cadea alimentaria na súa integridade, sexan seguros e asegurar a súa calidade nutricional e a promoción da saúde. Para iso, o artigo 2 de dita lei establece que a Axencia debe favorecer-la *“colaboración entre as Administracións Públicas e os distintos sectores interesados incluídos as asociacións de consumidores e usuarios e o mesmo tempo debe actuar como centro de referencia de ámbito estatal na avaliación, xestión e comunicación de riscos alimentarios”*.

A súa Disposición Adicional Primeira establece que dita lei se dicta o amparo do título competencial establecido no art. 149.1.16 da CE, relativo as bases e coordinación xeral da sanidade.

O Título V, Capítulo IV, artigo 29 do anteproxecto de lei, regula a "Marca de calidade", establecendo que *“a Xunta de Galicia creará e rexistrará unha marca para a súa utilización exclusiva en produtos agroalimentarios que destaquen por unha calidade diferenciada e como garantía da súa elaboración baixo controles específicos”*.

A sociedade pública autonómica Galicia Calidade, S.A., adscrita á Consellería de Innovación, Industria e Comercio, garante ós consumidores calidade nos produtos que leven a marca de calidade "Galicia Calidade". A obtención e o uso de dita marca estan regulados no Regulamento de uso da marca de garantía "Galicia calidade" de determinados produtos.

A vista do anterior pódíase apreciar, tanto unha regulación paralela de marca de calidade para produtos alimenticios, que reúnan uns determinados requisitos, como unha inseguridade para o produtor-solicitante da marca.

En relación coa Ley 14/1986, de 25 de abril, General de Sanidad, que regula accións para permiten facer efectivo ó dereito á protección da saúde, e a tal efecto impón ás Administracións Públicas levar a cabo actuacións de prevención dos riscos para a saúde derivados, entre outros, dos produtos alimenticios, o artigo 39.4 do Anteproxecto sometido a Dictame exclúe do

ámbito de aplicación do Título V, Aseguramento da calidade agroalimentaria, “os aspectos en que interveña calquera compoñente regulado por normas sanitarias, (...) en particular as cuestións relacionadas coa saúde (...)”.

4.- Necesidade de clarificar a redacción e os conceptos do anteproxecto cos axentes económicos e sociais do sector.

O CES considera que unha proposta de normativa, de tanto calado para o sector como é a Promoción e Defensa da Calidade Agroalimentaria de Galicia, non debería suscitar confusión respecto á comprensión da súa redacción e o contido dos seus conceptos. Neste senso, apúntanse os seguintes exemplos: falla unha definición do que se entende como “calidade agroalimentaria”; defínese, como “operador agroalimentario”, a aqueles que producen dentro das distintas denominacións de calidade, sen considerar a posibles produtores que non estean integrados en ningunha de esas estruturas; clasifícanse como “agroalimentarios” os fertilizantes agrícolas e non, por exemplo, os produtos fitosanitarios; debería facerse unha referencia xenérica tanto ós Consellos Reguladores como a outros órganos de xestión, xa que os Consellos Reguladores resérvanse para os indicativos de calidade das “denominacións de orixe”.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2003

Vº. e P.

O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo: Luis Suárez-Llanos Gómez Asdo: Carlos Monclús Díez de Ulzurrun

